

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2014**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de outubro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2014**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2014.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros que están hoxe presentes e asistiron á citada sesión, aprobou o borrador (seis concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD).

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. Proposta de aprobación, se procede, da ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 24 de outubro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Patrimonio e Facenda do día 28 de outubro de 2014.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata da proposta de aprobación da taxa que grava o aproveitamento especial da vía pública con motivo da instalación de caixeiros automáticos e outros elementos análogos. Multiplícase case por cinco esa taxa con relación á que estaba aprobada na Ordenanza núm. 22, achégase o estudo económico, a proposta, e se hai algunha pregunta, a responde.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, non podería ser doutra forma. Lembra que isto procede dunha iniciativa que trouxo a pleno o Partido Socialista. Por poñer en antecedentes á xente, isto presentouse exactamente en xaneiro de 2013, seis meses despois do rescate á entidade financeira Bankia, e apenas un mes despois de que o Goberno da nación anunciase que daba por perdidos a maior parte dos fondos que se ían investir no rescate desa entidade. Naquela ocasión, a concelleira que trae a proposta cualificou os argumentos do Partido Socialista, o contido da moción, como demagóxicos. Supón que despois de todo o que teñen vivido estes últimos meses non se atreverían neste pleno a soste aquela cualificativo, porque naquel momento o Partido Socialista xustificaba esta moción con base en intentar facer partícipe ás entidades financeiras un pouco dos custos, dado que os cidadáns viran minguada a súa calidade de vida como consecuencia dos recortes producidos polo rescate bancario.

Como dicía, van votar a prol, están de acordo co incremento que se propón, e simplemente lamentan que o Goberno municipal teña tardado case dous anos en facer efectivo o mandato que recibiu deste pleno no seu día. Lembra que esta moción foi aprobada por unanimidade do Pleno. Lamentan que teñan tardado a friorenta de case dous anos en traer un estudo económico, que foi ao que se comprometeron neste Pleno, para que puideran aprobar a taxa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que vanse abster, igual que fixeron nas comisións, en principio porque non lles convence de todo o estudo económico-financeiro, e segundo porque non afecta única e exclusivamente aos caixeiros dos bancos, senón que hai outros negocios que se verían moi prexudicados por esa taxa. Polo tanto, vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles están de acordo en que se regule na ordenanza fiscal o que os bancos teñen que pagar. Non poden esquecer que son os responsables da situación económica de moitísimas familias, que quedaron sen vivenda e sen o seu diñeiro. Deste xeito tamén se establece unha xustiza en relación a moitas empresas, incluso comerciantes e hostaleiros que están pagando unha ocupación de vía pública.

Pero o que si lles parece, despois de analízalo nas comisións o outro día, é que o importe para eles non é o que debería ser. Pensan que sobre 400 euros non é a taxa que deberían pagar os bancos, tiñan que pagar bastante máis. Polo tanto, vanse abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster. O motivo é que non poden apoiar que pague a mesma taxa un banco que un autónomo, dono dun pequeno negocio. Esta taxa iguálaos a todos, 438 euros ao ano. Paga o mesmo unha entidade bancaria, que un videoclub, ou unhas máquinas dispensadoras de cebo, algunhas tendas deportivas teñen esa máquina. É por iso que, aínda estando de acordo coa taxa, vanse abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, manifesta que o seu voto vai ser o mesmo que na comisión do martes, a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Establecer como feito imponible o cobro por uso de dominio público no caso de caixeiros automáticos e elementos análogos adosados a edificios con acceso directo a vía pública.

Segundo: Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal núm. 22, reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, quedando redactada segundo se transcribe a continuación:

#### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS AOS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA**

##### **Artigo 1º. Natureza, obxecto e fundamento.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

##### **Artigo 2º. Feito imponible**

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, e outros análogos, achegados ós edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros sitios en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

### **Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos das taxas reguladas nesta ordenanza:

- 1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.
- 2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.
- 3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

### **Artigo 4º. Beneficios fiscais.**

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

### **Artigo 5º. Tarifas.**

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será por unidade de caixeiro automático ó ano de 438 euros.

Establécese a obriga, a efectos de practicar a correspondente liquidación, de declarar perante a Administración tributaria a instalación e a desinstalación do caixeiro.

### **Artigo 6º. Obriga de pagamento.**

A obriga de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva autorización ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro. No caso de caixeiros xa instalados no momento aprobación desta ordenanza a obriga nacera no momento de publicación da mesma.

A preceptiva autorización deberá obterse da Administración municipal previamente ó exercicio do aproveitamento. Para os caixeiros exteriores xa existentes e que contén coa licenza municipal, comezarán a aboar a tarifa dende a entrada en vigor desta ordenanza.

### **Artigo 7º. Normas de xestión.**

1.- Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna autorización. En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo ó disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/1986.

2.- O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna

declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

#### **Artigo 8.- Período impositivo e devengo.**

1.- O período impositivo coincidirá co ano natural e a taxa comezará a devengarse o primeiro día do ano, sendo as súas cotas irreducibles. Non obstante, cando o inicio ou cese do aproveitamento se leve a cabo unha vez iniciado o período impositivo, procederáse ao prorrateo da tarifa en función dos trimestres naturais incluído aquel en que se produce o inicio ou cese.

2.- A liquidación da taxa realizarase mediante padróns anuais, excepto no caso de inicio de actividade que se xestionará en réxime de autoliquidación.

#### **Artigo 9.- Pago da taxa.**

a) No caso de novos aproveitamentos, o pago realizarase mediante autoliquidación e ingreso nas contas correntes restrinxidas e operativas municipais antes de retirar a correspondente licenza no modelo que a tal efecto aprobe o órgano competente. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, quedando sometida a autoliquidación ao réxime de comprobación previsto no artigo 120.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro Xeral Tributaria e no artigo 126 e seguintes do Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anualidade consonte ao Regulamento Xeral de Recadación, no primeiro semestre do ano natural e nas datas de ingreso en período voluntario que se determinen pola Presidencia no calendario fiscal.

c) Os contribuíntes incorporados no padrón fiscal poderán realizar o ingreso anual da taxa mediante domiciliación bancaria, a través dos modelos normalizados de declaración de conta corrente que teña establecidos esta Entidade local.

#### **Artigo 10. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

#### **Disposición complementaria**

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei Xeral Tributaria e da Lei Xeral Presupostaria

### **Disposición transitoria**

A teor do disposto no artigo 6º, para os aproveitamentos existentes no momento da entrada en vigor desta Ordenanza, o pago realizarase mediante a incorporación de oficio no primeiro padrón anual que se liquide dos obrigados ao pago, con aplicación do establecido no artigo 8º en canto ao prorrateo da tarifa en función dos trimestres naturais.

### **Disposición derogatoria**

Queda derogada a ordenanza nº 22 reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública.

### **Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Terceiro: A presente ordenanza entrará en vigor o día da publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

Cuarto: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como os textos completos das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real Decreto Legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición público sen presentar reclamacións, os acordos provisionais quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no *Boletín Oficial de Provincia* o acordo definitivo que unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza.

## **2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU e BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

**Moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU e BNG para a revisión da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, Ordenanza fiscal núm. 5 reguladora do imposto municipal sobre incremento de valor de terreos de natureza urbana (plusvalía) e calquera outra ordenanza que se puidera ver afectada tras a revisión dos valores catastrais en Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8951 o día 27 de outubro de 2014.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, dá lectura á moción presentada o día 27 de outubro. Non obstante, respecto dos acordos a adoptar, non dá lectura literal aos que constan na moción presentada, senón que dá lectura, directamente, aos acordos aos que se chegou logo da negociación co equipo de goberno, polo que a moción que se tratou é a que consta do teor literal seguinte:

“Vivimos un momento en Cambre de caos e alarmismo social provocado polo alcalde do concello, que xunto co seu Goberno, impulsaron un “catastrazo”. En consecuencia disto, o valor catastral medio das vivendas e terreos de Cambre pasou de 27.262,61 € a 52.109,71 €, o que supón un incremento medio do 91%.

Todo este proceso caracterizouse polo escurantismo do despacho de Manuel Rivas, que durante 3 anos, foi tomando decisións moi transcendentais para os veciños de Cambre, sen contar con eles, nin co resto da Corporación e o que é máis grave, sen levar a cabo os estudos técnicos e económicos necesarios para sopesar as consecuencias da súa decisión.

As consecuencias da revisión catastral, non se fixeron esperar e estamos inmersos nun embrollo do que os grupos da oposición, estamos na procura de poñer remedio.

Actualmente a situación na que nos atopamos como consecuencia do catastrazo é a seguinte:

A nova valoración catastral acordada sen consultalo con ninguén polo alcalde de Cambre suporá, na práctica, un aumento de impostos, non só do IBI. Esta medida ten como única finalidade o afán recadatorio.

Os novos valores catastrais en Cambre consolidan durante anos, o incremento de varios tributos. A tremenda e inxustificada suba dos valores catastrais leva consigo un pernicioso efecto colateral noutros impostos ademais do IBI, que se basean no dato do valor catastral. A nova revisión traerá aparellado un incremento da carga fiscal, insoportable para a inmensa maioría das familias de Cambre na actual conxuntura económica e social.

Esta situación na que nos meteu o Sr. Rivas, que foi quen de hipotecarnos a todos os veciños, el só non é quen de solucionalo. É agora, cando necesita que sexamos os grupos da oposición, quen non teñamos que poñer a traballar moi duramente para tentar emendar este abuso. Unha mostra máis da enorme irresponsabilidade que leva demostrando durante tres anos este alcalde.

En Cambre, máis de 2000 veciños queren traballar e non teñen emprego e máis de 700 familias non perciben ningunha prestación por desemprego; en máis de 700 fogares en Cambre non entra ningún ingreso. Unha realidade dramática á que o alcalde de Cambre, con medidas como esta, dá as costas. Como vai pagar o IBI un veciño que perdeu o seu emprego?

A ignorancia ou quizais malicia do Sr. alcalde fai que non queira ver a realidade e é que a multiplicación de impostos desborda, con moito, a capacidade económica da inmensa maioría das familias de Cambre. Porque non é que os nosos veciños non queiran pagar, é que non van poder facelo.

Ademais de todo isto, tamén nos atopamos moitos casos nos que o valor catastral é superior ao 50% do valor real de mercado (algo ilegal). Cando o valor catastral supera o 50% do valor real de mercado atopámonos ante unha posible vulneración do principio de capacidade económica, que non permite valorar tributariamente un inmovible por riba do seu valor real de mercado, porque estaríase gravando unha riqueza ficticia e inexistente (artigo 23.2 da Lei de catastro inmobiliario).

Ante toda esta situación o lóxico tería sido que o Sr. Rivas, nun acto de humildade, e como máximo responsable do concello, entoará o mea culpa, pedirá desculpas aos veciños, e recoñecerá o seu erro.

Contrariamente a isto pretende engaiolarnos vendendo unha rebaixa do IBI para solucionar esta catastrófica situación por el provocada. Pero o catastrazo ten graves condicionantes abrasivos. No mellor dos casos, aínda actuando sobre o coeficiente aplicable, manterase a cota vixente pero en practicamente ningún caso baixará.

Hai que dicilo claramente: O catastrazo de Rivas, só ten un obxectivo: o afán recadatorio. No sistema fiscal español hai un tributo, só un, do que a súa recadación non caeu nunca: o IBI. Durante anos, incentivouse a compra de vivenda por enriba do aluguer. Agora, cando a maioría dos contribuíntes adquiriron con gran esforzo a casa na que viven “o alcalde de Cambre castiga fiscalmente aos seus veciños”.

Non se amortece igualmente un incremento do 100% que do 200 ou o 300%. O alcalde non se decata, o máis ben non quere decatarse, de que o verdadeiro problema son as grandes diferenzas individuais xurdidas despois desta revisión catastral, xa que o feito de que unha baixada se faga de xeito porcentual do IBI para todos por igual, non vai impedir que ao que se incrementou ao triplo siga pagando o triplo, por moito que baixe a cota.

O alcalde de Cambre, propoñendo baixar o tipo impositivo do IBI que contempla a ordenanza municipal está asumindo o incremento desproporcionado das novas valoracións catastrais e renunciando, por tanto, a recorrer e anular a ponencia de valores catastrais. Entendemos que o medo á rifa que lle pode caer do Sr. Diego Calvo é para el inasumible. Despois de que lle financiara a revisión, non pode pedirlle á Deputación que a tire para abaixo.

A todo isto, temos que engadir, algo non menos importante: Ata o de agora non se nos presentaron informes técnicos suficientes que avalen a solicitude da revisión catastral,



nin estudos económicos que permitan o exame das posibles modificacións e reducións do tipo impositivo do IBI, nin a revisión de bonificacións, exencións ou recargas.

Debido a que, lonxe de emendar os seus erros, o alcalde segue a interromper, impedir e tentar silenciar o labor de lexítimos representantes dos veciños, maioritariamente representados no conxunto desta Corporación.

Por todo iso propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Solicitar a emisión dos informes técnicos e económicos necesarios para avaliar o impacto da nova valoración catastral, así como aqueles informes necesarios para levar a cabo a modificación da totalidade de ordenanzas fiscais que se puideran ver afectadas como consecuencia do incremento dos valores catastrais (OFR do IBI, OFR do IMIVTNU – Plusvalía). Os ditos informes deberán ser remitidos ao conxunto da Corporación no prazo máis breve que sexa posible. Igualmente, será obxecto dos ditos informes calquera outro tipo de bolsa, axuda ou subvención que conte dentro dos seus criterios de concesión co do valor catastral dos inmobles do solicitante ou da súa unidade familiar.

Segundo: Unha vez emitidos os informes aos que se fai referencia no punto anterior, convocarase unha sesión extraordinaria da Comisión de Facenda co obxecto de estudar e ditaminar a modificación das actuais ordenanzas fiscais do IBI e de plusvalía, no tocante a calquera aspecto delas. Así mesmo, na mesma sesión a comisión estudará a modificación das bases para a convocatoria de bolsas, axudas ou subvencións do concello, que teña o valor catastral dentro dos seus criterios de valoración, concesión ou denegación, iso sen prexuízo de que se convoquen en sesión conxunta ás comisións informativas que corresponda en razón á materia para emitir ditame para efectos de elevación ao pleno. A comisión convocada para tal efecto poderá acordar que nas sucesivas reunións que se celebren poidan asistir con dereito de voz, pero non de voto, tanto representantes do tecido asociativo do concello como os técnicos municipais que se precisen para o asesoramento dos membros.

Terceiro: Atopándose o Concello de Cambre actualmente inmerso nun proceso de solicitude de anulación da actual ponencia de valores, e tendo en conta as posibles demoras e dilatación no proceso mencionado, así como polas revisións particulares existentes, en todo caso, a Comisión de Facenda reunirase con carácter extraordinario no transcurso do mes de decembro de 2014.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que eles van votar a prol da moción. Hai unha cousa que na exposición non se mencionou, que eses acordos si xurdiron dunha proposta que fixeron os grupos da oposición, e mantívose o seu espírito, pero fíxose unha contraproposta por parte do Goberno, que aceptaron todos os grupos, o cal lles agradece, porque estaba supervisada tamén tanto pola secretaria como polo interventor, polo que teñen unha proposta de acordos que está consensuada por todos os membros da Corporación, e pensa que iso é unha satisfacción.

Evidentemente, coa exposición de motivos non poden estar de acordo, pero como dese tema xa se falou dabondo no pleno que tiveron o luns, cre que está bastante clara a posición distante que teñen dende o Goberno e dende a oposición.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta o apoio do seu grupo a esta moción. Nun primeiro paso agrádalles que o Goberno a apoie, cren que con ela os grupos da oposición dan un paso para solucionar un problema serio, xurdido como consecuencia dunha revisión de valores catastrais que eles teñen cualificado como inxusta, desproporcionada e inxustificada, de tal xeito que polo menos no que se refire á aplicación futura do imposto de bens inmobles e ás súas contías, a cota que terán que pagar os veciños por ese concepto nos vindeiros anos, van poñer todo o que estea da súa parte para que os efectos sexan o menos nocivos posible, e que a carga tributaria que por ese concepto vaian sufrir as familias e os veciños do concello, se manteña nas mesmas cantidades, polo menos, que na actualidade.

Tendo en conta que coa actualización do Catastro tamén van saír á luz novas propiedades que ata agora non estaban sendo obxecto de ningunha carga tributaria por concepto de IBI, iso dálles unha marxe á hora de traballar. Tanto o tipo impositivo como esa recadación a maiores desas novas propiedades que se actualizan no Catastro, vanlles permitir traballar sen que as arcas municipais sufran menoscabo, e incluso que as economías familiares poidan ter un certo trato a favor de que a carga tributaria sexa o menos gravosa posible.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que para eles é unha mágoa ter que chegar a estes extremos. Queren felicitar a Olga polo traballo realizado nesta proposta, que asinan case a totalidade dos grupos da oposición, e dicirlles aos representantes do Goberno que a proposta que fixo o PP para chegar a un acordo unánime nesta moción foi aprobada por todos os grupos. Simplemente hai que ter vontade de facer as cousas e, deixando ao lado o que son as exposicións de motivos, o importante son os acordos. Se deixaran iso á parte, poderían acordar moitísimas veces moitas outras cousas moi importantes para os veciños. O seu voto, como non pode ser doutra forma, vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que sen ánimo de ser redundantes, súmanse ao dito, moi especialmente a esa felicitación a Olga polo traballo desenvolvido á hora de redactar a moción.

Entenden que é unha moción que camiña por onde debe transitar o concello, polo camiño da xustiza social, tamén na xestión dos tributos e do IBI. Tamén dicir e reincidir en que é iniciativa dos grupos da oposición, logo foi felizmente posible chegar a un acordo de mínimos co equipo de goberno, do que se congratulan, pero poñer en valor que neste, como en tantos outros problemas ao longo do presente mandato municipal, é a iniciativa da oposición, que se plasma a través da unidade e dun acordo entre partes, non exento de xenerosidade, a que se traslada ao pleno e pretende sacar iniciativas adiante. Loxicamente o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable. Está a prol deses

tres acordos que se tomaron, aínda que non pode estar en todo conforme coa exposición de motivos, e non a comparte na súa totalidade, pero si os acordos. O seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que ela simplemente quere facer unha puntualización. Agradece as palabras dos compañeiros, e di que esta proposta fíxose á présa entre todos eles, hai achegas de absolutamente todos os concelleiros, e sobre todo a sensibilidade de todos, porque vén como consecuencia do anuncio en prensa, un sábado pola mañá, de que o equipo de goberno ía presentar unha emenda á moción do luns. Puxéronse a traballar, tendo en conta que había concelleiros que estaban na outra punta de España, había concelleiros que tiñan situacións familiares complicadas, ela mesma tiña quenda de traballo, e con iso e todo, os grupos desta Corporación coida que demostraron, e cre que diso todos se senten moi orgullosos, que en cuestión de horas conseguiron, aínda que entre todos eles hai diferenzas, precisamente por iso uns teñen unhas siglas e outros teñen outras, pero esas diferenzas solucionáronse nun texto que a fin de contas ten unha toma de acordos, e vaille dar a razón ao Sr. Andreu, pídelles que tampouco se acostume, na que incluso o Goberno está de acordo, e chegaron todos a un consenso.

Di que isto poderíase ter feito moito tempo antes, e moitas veces por orgullo e cabezonería, non se chega a tomar este tipo de acordos que van en beneficio dos veciños. E xa non fala da exposición de motivos, que entende que non estean de acordo con ela, pero se están de acordo cos acordos, e vaia a redundancia, é porque o espírito que lles debería levar a todos é o de beneficiar ao pobo. Queda claro que se aproban esta moción por unanimidade, é porque se podería ter feito moitísimo antes tendo vontade política.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, simplemente quere intervir para que quede constancia, porque supón que no futuro alguén virá consultar esta acta, e igual se leva a engano. Di que o Sr. alcalde, que é o alcalde desta Corporación e que tamén é o presidente do PP, anunciou xa hai case un mes que lle propoñería ao Pleno a baixada do tipo do IBI, hai case un mes. Entón isto non é unha cuestión de que sexa a oposición a que tome a iniciativa ou sexa o Goberno, ao final o que lle importa aos veciños é que están todos de acordo en facelo, e pensa que iso é o que vale. Di isto, e está mirando para o Sr. Carballada, porque sabe que o fai con sentido, pero parécelle que sobra, ao final o importante é o que di a compañeira Olga Santos, que están todos de acordo neste asunto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

### **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que vaia por diante que esta moción a presenta o grupo dos socialistas de Cambre en apoio, como non pode ser doutra maneira, das bibliotecas municipais, en concreto as deste concello, que levan moitos anos desenvolvendo un gran labor para os veciños de Cambre.

#### **A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o canon de bibliotecas**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8887 o día 25 de outubro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A propiedade intelectual ten cabida e recoñecemento no artigo 33.1 da Constitución, corresponde aos poderes públicos artellar un sistema legal que permita aos autores ver debidamente retribuído o seu traballo e, ao mesmo tempo, garantir o dereito da cidadanía de acceso á cultura.

España, como os demais membros da Unión Europea, vén obrigada á transposición da Directiva 2006/15/CE na que figura o mandato de implantar un canon por préstamo hipotecario, tal como xa existe nalgúns estados europeos dende a primeira metade do pasado século (1943).

Este canon grava a todas as bibliotecas públicas, incluídas as municipais que son as máis utilizadas no noso país o que supón unha eiva económica no acceso a elas. Por tal motivo, corresponde ás autoridades de cada Estado membro acadar a fórmula máis idónea para harmonizar o lexítimo dereito dos autores co dereito fundamental á educación e á cultura de toda a cidadanía.

Non obstante, o Real Decreto 624/2014, do 18 de xullo, polo que se desenvolve o dereito de remuneración aos autores polos préstamos das súas obras, realizados en determinados establecementos accesibles ao público, non ten presente a precariedade orzamentaria dos concellos, e a situación precaria das bibliotecas públicas necesitadas de recursos e con graves dificultades ata para manter e conservar os seus fondos e instalacións.

Ademais non se pode descoñecer que a industria cultural do libro comporta o 38,1% do total da achega da cultura ao PIB español e, sen dúbida, as bibliotecas son un elemento fundamental para o desenvolvemento desa actividade editora.

Na regulación aprobada o canon non será pagado polos usuarios das bibliotecas. No seu lugar farano as administracións públicas titulares das bibliotecas, o que supón un gran gasto engadido nun momento económico e orzamentario de especial dificultade para as entidades locais.

Polo tanto, resulta necesario que o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia no eido das súas competencias, incrementen as partidas orzamentarias destinadas á rede de bibliotecas públicas incorporando unha partida específica para facer fronte ao canon por préstamo bibliotecario, tras acadar un compromiso coas entidades xestoras dos dereitos dos autores no senso de destinaren unha parte relevante deses ingresos a funcións de carácter social (bolsas, asistencia...) e á adquisición de novos fondos bibliográficos dentro dos límites que se determinen.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta para a súa votación en pleno as seguintes propostas de acordos:

Primeiro: Dirixirse ao Goberno central en solicitude de que nos orzamentos para o ano 2015 e progresivamente nos vindeiros exercicios, se aumente a partida orzamentaria para a adquisición e a renovación de fondos por parte das bibliotecas públicas e se asuma, así mesmo, unha partida específica suficiente para sufragar o canon por préstamo bibliotecario e que, en todo caso, cubra a totalidade do canon nos municipios de menos de 50.000 habitantes.

Segundo: Requirir do Goberno central que incorpore aos orzamentos para o ano 2015 unha partida específica para colaborar no pago de dereitos que teñen que levar a cabo os museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas e filmotecas de titularidade pública, así como por parte de todas aquelas entidades culturais, educativas e científicas que se determinen.

Terceiro: Dirixirse á Conferencia Sectorial de Cultura para que se propoña a revitalización do Plan de fomento da lectura e para que demande do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a elaboración dun plan de apoio á bibliotecas dos pequenos municipios, en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.

Cuarto: Dirixirse á Xunta de Galicia para que, no exercicio das súas competencias, aprobe unha partida específica nos orzamentos da comunidade para apoiar ás bibliotecas públicas galegas, singularmente ás municipais, colaborando coas demais administracións públicas no pago do canon por préstamo, e reforzando a adquisición de novos fondos, e a conservación dos existentes.

Quinto: Dirixirse á Xunta de Galicia co fin de que elabore un programa específico de fomento e apoio á industria do libro e a lectura.”

O Sr. alcalde roga silencio aos asistentes.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, manifesta que dende o Goberno local tamén apoian ás bibliotecas municipais e recoñecen e eloxian, como non pode ser doutra maneira, o traballo desenvolvido nelas polas profesionais coas que contan.

Van votar a prol da moción porque pensan que non poden negarse a requirir, tanto do Goberno central como da Xunta, que aumenten as partidas orzamentarias en todo o que se refire aos servizos culturais que prestan aos veciños.

O Goberno municipal está poñendo todos os medios para seguir prestando uns servizos bibliotecarios de calidade, axustados a unhas condicións orzamentarias e de recursos humanos hoxe en día moi difíciles. As bibliotecas, tanto as públicas como as dos centros educativos, son centros de promoción da creación e, polo tanto, xeradoras de bens educativos, culturais e económicos. Requiren, polo tanto, tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno central, un esforzo en materia de orzamentos para bibliotecas, como centros rendibles social e economicamente.

Conclúe dicindo que é por isto que van apoiar favorablemente a moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles, á parte de apoiar esta moción, pedirían tamén que por parte do Goberno foran un paso máis aló, e gustaríalle explicar o por que. O Concello de Cambre, como responsable da rede municipal, ten que pagar un canon de 0,16 euros por cada exemplar, libro, DVD, ou CD, con dereitos de autor que se compra, e ademais un 0,05 euros por socio activo ao ano. Un socio activo é o que se ten levado algo en préstamo durante o ano. Non se ten en conta que é o que se levan das bibliotecas os socios activos, se levan documentos con ou sen dereitos, porque os dereitos de autor en España duran toda a vida do autor e 70 anos tras o seu falecemento, así obras clásicas como a Celestina ou O Quixote están libres de dereitos, e págase igual.

A partir do 2016 usarase outro sistema, que tamén ven totalmente inxusto polo que van explicar, e pide permiso por estenderse un pouco na moción do Partido Socialista, pero cre que deben sabelo todo. A partir do ano 2016 usarase outro sistema, xa non se pagará polos libros comprados, senón o 0,05 euros por socio activo ao ano, máis 0,004 por cada préstamo realizado, é dicir, aínda que os libros teñan sido doados ás bibliotecas por particulares e non comprados, pagarase igual. É inxusto.

Ademais, no sistema de biblioteca actual, resulta imposible determinar se os préstamos son de obras con ou sen dereitos de autor. Polo tanto, aínda que CEDRO e a SGAE digan que non, todo iso págase igual.

Por se acaso, aclara que o diñeiro recadado polo canon non irá a pagar aos autores directamente, senón a entidades de xestión de dereitos de autor que son entidades privadas, CEDRO para libros e artigos e a SGAE para obras musicais e cinematográficas. E os autores que non estean asociados a elas, que son moitos, non cobrarán, non recibirán nin un céntimo dese canon. Non só iso, senón que o reparto dos ingresos non vai ser proporcional aos préstamos de cada autor. Ou sexa, que se

collen un libro X unha vez, e collen un libro Z dezanove veces, cobran exactamente o mesmo os seus autores, cousa que tamén cren inxusta.

Polo tanto, á parte de apoiar a moción, cren que dende o Goberno teñen que ir un paso máis aló para cambiar este sistema que eles entenden totalmente inxusto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, en primeiro lugar felicita ao grupo socialista por traer esta moción que ao seu criterio está completa, ben armada, argumentada e fundamentada. Di que a ver se en vindeiros plenos son capaces de traer outro tipo de iniciativas que camiñen nun sentido parecido, como ben dixo o compañeiro Óscar.

Reitera a felicitación ao Partido Socialista por traer esta iniciativa, ben completa e argumentada. Por suposto van votar a prol da moción.

Concedida a palabra ao don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal de EU sobre o fallo do Tribunal Supremo en contra do cobro do IBI urbano en solos que non teñen desenvolvemento urbanístico**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8886 o día 25 de outubro de 2014, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O IBI (imposto de bens inmobles) é o imposto xerador de recursos municipais por excelencia e, con matices, poderíase chegar a afirmar que é un imposto xusto que grava a propiedade ou a riqueza dos veciños propietarios. Pero existen algunhas

lagoas na aplicación deste imposto (ou no valor catastral dos terreos para ser máis exactos) e é a circunstancia que se xera cando un concello reclasifica terreos de rústicos a urbanizables ou urbanos. Neste caso o valor catastral multiplícase, e polo tanto tamén o IBI soportado polos propietarios dos ditos terreos.

A recente sentenza do TS (nº 2159-2014 do 30 de maio de 2014) que vén a ratificar a do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura que o 26 de marzo de 2013 fallou a favor dos afectados e en contra da administración que mantiña o gravame do IBI urbano sobre terreos reclasificados. A sentenza non di que o solo deixe de ser urbanizable senón que o seu valor é rústico mentres non teña desenvolvemento urbanístico.

Existen en Cambre moitos terreos, clasificados nas Normas subsidiarias de planeamento como solos aptos para urbanizar, que non teñen ningún proxecto de actuación concreto, polo que cos criterios do Tribunal Supremo deberíaselles devolver o IBI cobrado indebidamente. Segundo o TS para a validez da cualificación catastral do solo como urbano, é necesario que se aprobara con anterioridade o oportuno plan parcial que estableza as determinacións para o seu desenvolvemento, ou que tal instrumento sexa irrelevante porque o propio PXOM prevea a ordenación detallada do solo.

A propia sentenza indica que cobrar o IBI urbano cando non existen perspectivas de edificación “podería considerarse unha confiscación real da propiedade.”

Así mesmo a sentenza acepta as pretensións dos propietarios ao considerar que, aínda que se trate de solo urbano, o IBI correspondente a esta categoría só debe facerse efectivo cando exista un plan parcial urbanístico ou se construíra algunha dotación tal como estradas ou iluminación. En caso contrario procede pagar o IBI como o dun terreo rústico.

Esta contundente sentenza do TS supón unha mingua nos ingresos dos concellos. Entendemos que non se poden cargar de xeito inxusto sobre uns propietarios que, no mellor dos casos, terán que seguir cultivando os seus terreos durante varias décadas, tendo que aboar uns impostos que non poderían recadar cos rendementos anuais das ditas terras.

Dende Esquerda Unida coidamos de urxencia adaptar esta sentenza á realidade de Cambre.

Polo exposto, e en consonancia coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura, ratificada polo Tribunal Supremo, elevamos ao Pleno do Concello de Cambre a toma dos seguintes acordos:

Primeiro: Que os servizos xurídicos do Concello de Cambre estuden e valoren a STS por se pode ser obxecto de aplicación en Cambre. Así mesmo, que se valore se amparándose na dita sentenza se pode realizar de oficio a devolución dos importes cobrados indebidamente, no seu caso.



Segundo: Que os servizos xurídicos municipais elaboren un estudo sobre os solos de Cambre que nas Normas subsidiarias estean cualificados como urbanizables e non se teñan producido as urbanizacións. Nestes casos, o obxectivo é proceder a revisar os valores catastrais e o IBI liquidado.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que van votar a prol da moción. Están totalmente de acordo, de feito encargaranlle xa mañá mesmo aos servizos xurídicos que fagan o informe sobre o primeiro punto.

Sobre o segundo dicirlle que este tema, coa ponencia de valores que se acaba de facer, xa queda solucionado. En todo caso, se houbera que informar algo, faríanllo chegar tamén.

Conclúe dicindo que pedirán os informes e, en canto os teñan, faránllos chegar a todos os membros da Corporación, para que os coñezan.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que votan a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo vota a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, manifesta que el tamén vota a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

**C) Moción do grupo municipal do BNG en demanda de persoal médico-sanitario para o CEIP Portofaro, co fin de garantir a integración dun alumno do centro**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8879 o día 25 de outubro de 2014, xunto coa outra moción presentada para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Recentemente, ao grupo municipal do BNG de Cambre atendemos a xusta demanda dos pais dun alumno matriculado no CEIP Portofaro de Cambre, diagnosticado cunha inusual e complexa diabete mellitus tipo 1, que reclaman da Consellería de Educación a existencia do persoal médico-sanitario acaído, para poder garantir a integración escolar do alumno no centro así como para evitar riscos para a súa saúde.

Estes pais, cunha dedicación plena e abnegada na atención ao seu fillo, non realizan esta petición por capricho ou ventura, realizan a dita reclamación con base ao informe emitido polo Servizo de Endocrinoloxía do CHUAC que describe os riscos de grandes oscilacións glicémicas no seu fillo e recomenda a existencia dun/ha ATS, capaz de realizar controis de glicemia e atender situacións especiais, no centro onde curse estudos un cativo cun cadro clínico tan complexo e inestable como o que nos ocupa.

Mostra inequívoca da preocupación dos proxenitores tanto pola saúde do seu fillo, como pola súa obrigada e necesaria escolarización é que diariamente o neno acude, acompañado polo seu pai, ao CEIP Portofaro, e ao constatar que non conta o centro co persoal que, segundo o SERGAS, precisa o seu fillo, vense na obriga de volver con el para casa.

Sirva como proba da incuestionable vontade dos pais de escolarizar ao seu fillo, que no momento no que a Xunta lle deu garantías de que o cativo ía contar coa atención debida, pero que para iso debía matricularse no Portofaro, decidiron, en atención á promesa da Xunta, mudar o domicilio familiar cara unha vivenda situada o máis próxima posible ao colexio, con vistas a facilitar tanto a asistencia do rapaz ás aulas, como a atención familiar en caso de necesidade.

Cónstanos tamén, a total vontade de colaboración e plena profesionalidade da comunidade educativa do CEIP Portofaro, dende a directiva do centro ata o conxunto do claustro e consello escolar: afrontando situacións comprometidas e lidando cun tema problemático e complexo, cuxa solución non está nin nas atribucións nin na capacitación do persoal docente do centro.

Como é por todos sabido a situación serrada ten incluso cegado aos medios de comunicación, e foi obxecto de diversas iniciativas no Parlamento Galego, así como dunha infinidade de escritos entre as diversas partes (familia e Xunta) e incluso un proceso xudicial accesorio.

Pero o certo e verdade á altura do día de hoxe (e o que nos preocupa e nos leva a presentar esta moción) é que en Cambre temos un neno, un veciño de Cambre, que ten que estar escolarizado a día de hoxe e a pesar de si estar matriculado, a súa escolarización non é pleno (non acude ás aulas), porque pese a vontade tanto dos pais, como dos profesionais do ensino, de que o cativo cumpra debidamente coa súa xornada lectiva, a Xunta de Galicia, a administración con competencias na materia e que debe velar pola efectivización da obrigatoria escolarización do cativo en cuestión, é incapaz de cumprir as indicacións médicas ditadas por profesionais do Servizo Galego de Saúde. A Xunta, nun exercicio de confusión e demagogia impropio dunha

administración pública, cuxo principal obxecto de existencia é velar polo benestar da cidadanía, deseña diversos protocolos (que se o 112, que se atención dende o consultorio do Temple, que se unha enfermeira adscrita a outro centro...) que teñen en común dúas características:

1.- Non cumpren o ditame médico ditado polos profesionais do Servizo Galego de Saúde, e non ofrecen as garantías que os profesionais esixen para que o cativo poida estar nunha aula con tranquilidade, tanto para el, como para os pais, e para o persoal docente do centro.

2.- Son medidas cun baixo custo económico, o que nos amosa a verdadeira natureza do problema para a Xunta: económico.

Non estamos pois diante duns pais que non queren escolarizar ao seu cativo, nin dunha comunidade docente que non quere recepcionar a ese cativo no centro, nin sequera se trata dun problema de saúde. A matriz da situación existente a día de hoxe radica en que os recortes aos servizos públicos en materia educativa, asistencial e socio-sanitaria, aplicados pola Xunta de Galicia, están a imposibilitar a correcta escolarización dun veciño de Cambre.

Folga dicir que se a Xunta de Galicia non é quen de asumir e responsabilizarse do ditame médico emitido por profesionais do SERGAS, dificilmente se lle pode pedir a uns pais que nun exercicio de irresponsabilidade abandonen á súa sorte ao seu fillo durante toda unha xornada lectiva día tras día. Igualmente resultaría de todo punto improcedente pedirlle, a unha profesora ou profesor, e en última instancia ao director do centro, que se fixeran cargo da atención ao cativo en caso de necesidade sanitaria, xa que, loxicamente, son persoal docente, non asistencial ou sanitario.

Resulta de todo punto lóxico, que nun caso de auténtica desesperación, de emerxencia social manifesta, unha familia traballadora, veciña de Cambre, acuda ao concello, acuda á que é a administración pública máis próxima. O que non resulta lóxico en modo ningún é a resposta que esta familia obtivo por parte do Goberno municipal de Cambre.

Todo o mundo sabe que estamos diante dunha problemática que non é competencia municipal (competencia directa máis ben, posto que en determinados trámites do proceso, como por exemplo o expediente por absentismo escolar recentemente aberto, é máis que probable que se pidan informes técnicos municipais), que a principal administración implicada é a autonómica. Si, pero cantas veces un concello, tamén o noso, non fai un esforzo e, en atención á súa importancia social, inviste parte dos activos e recursos cos que contamos de cara a solucionar problemas que, como é o caso, afectan a cuestións fundamentais da vida dalgún dos nosos veciños.

A resposta política dada a esta familia, pretendendo situar ao concello á marxe deste problema, lonxe da súa teórica aparencia formalística e técnica é profundamente política e ideolóxica. Amosa ben ás claras a falta de compromiso do Goberno municipal cunha familia que está a sufrir en carne propia o desleixo e abandono máis miserable por parte da Xunta de Galicia. Pretendendo autorretratarse como espectador de todo o proceso, o único que consegue este Goberno municipal é

reivindicarse como cómplice, necesario nun grao a determinar, dunha situación caótica que se agrava día a día, e que ten nun cativo de Cambre, o seu principal damnificado.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes propostas de resolución:

Primeiro: Trasladar á opinión pública o apoio da Corporación municipal do Concello de Cambre á xusta demanda desta familia cambresa.

Segundo: Manter unha nova reunión cos pais do neno. Ofrecéndolle cobertura e asesoramento legal por parte do concello e toda a axuda que dende o punto de vista técnico poidan precisar.

Terceiro: Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a executar as indicacións dadas polo SERGAS para prover do persoal sanitario axeitado ao neno en cuestión durante as horas de escolarización.

Cuarto: Reprobar a actuación neste proceso de Indalecio Cabana Leira, como xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e de María Jesús González, como concelleira de Servizos Sociais e Educación e tenente alcaldesa do Concello de Cambre.”

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que lle gustaría facer unha pequena intervención explicativa do contido da moción. Di que non é a súa intención, e queren que fiquen meridianamente claro nesta sesión plenaria, de ningún modo sinalar, dudar, ou poñer en tea de xuízo a profesionalidade dos Servizos Sociais do Concello de Cambre, dos seus traballadores, persoal laboral e funcionario, de ningún modo. Di que eles veñen aos plenos a facer política, e ás veces sobre temas que son efectivamente, e niso poden estar de acordo con outros membros desta Corporación, peculiares, difíciles e problemáticos, pero non por iso van deixar de facer política, porque estarían faltándolle ao respecto aos seus votantes e ao conxunto de veciños de Cambre en xeral.

Eles veñen aquí a trasladar unha problemática que entenden que é, insiste, política no que ten que ver coa resposta política do Concello de Cambre a unha familia que está ante un grave problema que a pon ao borde da exclusión social. Entenden que a formulación da presente moción está máis que fundamentada e debidamente argumentada e que as propostas de resolución son perfectamente asumibles e de ningún modo desmesuradas.

Moitas veces, cando presentan algún tipo de pregunta ou rogo, especialmente o Sr. alcalde os ten convidado a ser máis claros e en certa maneira a medir as palabras, cuestión que eles teñen, na medida das súas posibilidades, asumido e dalgunha maneira adquirido o propósito de emendar. Entenden que os catro puntos, as catro propostas de resolución que aquí se traen, son perfectamente acaídas, porque entenden que é preciso trasladarlle ao pobo de Cambre a mensaxe de que esta Corporación, de que este concello, apoia a demanda deses pais para que haxa un persoal médico-sanitario que se ocupe da enfermidade, da peculiaridade, neste caso dun menor veciño do Concello de Cambre.

Débese facer un esforzo por manter unha nova reunión cos pais do cativo, e aquí si quere deterse para dicir que el é perfectamente consciente de que é difícil e de que moitas veces é complicado, que quizais hai que facer un esforzo tamén de humildade, e na medida do posible emendar o que se puidera ter feito mal, e nese sentido el cre que iso se pode facer.

Tamén indicar, quere que conste en acta, que el falou cos pais do cativo e pediulles expresamente que non acudiran hoxe á sesión plenaria, para non condicionar de ningún modo o debate ou a votación que están a ter.

Entenden que se debe instar á Consellería de Educación a que vele polos intereses do cativo debidamente, e entenden que se debe reprobar a actuación neste proceso, por iso incide nas palabras, porque eles non lle están pedindo á concelleira de Servizos Sociais, Educación e Sanidade do Concello de Cambre que presente a súa dimisión, nin lle están esixindo ao alcalde que a cese, senón que expresan politicamente a súa contrariedade dende o BNG á súa actuación concreta neste caso, en especial en datas recentes, e loxicamente tamén a do xefe territorial da Consellería de Educación, Sr. Indalecio Cabana.

Máis alá, o din claramente aquí e en París, actúan con total e absoluta responsabilidade, non é un tema fácil, non é un tema nin moito menos agradable, pero entenden que o seu deber, o seu servizo, máxime como unha forza que entenden que está na esquerda real e ao servizo da clase traballadora, era traer este asunto aquí, e ese é o espírito que guía esta moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, dille ao concelleiro do BNG que dende o profundo respecto que lle ten e incluso aprecio persoal, cre que se equivoca, e dillo en serio, cre que se equivoca. Falaron con el nas comisións e sabe por que lle di que se equivoca. Está xulgando a dúas persoas que son responsables políticos dun equipo, e o concelleiro do BNG do primeiro que falou foi de respecto e responsabilidade, pois ben, respecto institucional dun membro desta Corporación é intentar informarse sobre as xestións que levaron a cabo os representantes desta Corporación, os representantes do Goberno.

Pídelle que lle diga, pero non llo pode dicir, que á data de hoxe el ten algunha información ou solicitou algunha información das xestións que se fixeron dende o concello, porque non a ten. Está xulgando o labor deste Goberno sen ter absolutamente ningunha información. Ten información dunha parte, evidentemente ten a información desa familia, pero non pode xulgar o labor que vén facendo, tendo acceso como ten á concelleira, en calquera momento, así se ofreceu ela, e aos servizos técnicos. Se teñen algún problema de protección de datos, supón que pode entender ese asunto, pero seguro que lle facilitarían todo tipo de información.

Reitera que cre que se está equivocando e dillo dende o maior respecto e dende o aprecio persoal. Estase equivocando moito, porque a el cónstalle, porque o sabe, o labor que fixo a súa compañeira. El tenllo que agradecer, porque sabe que todo o que fixo nestes tres anos, porque non están falando dende que saíu a noticia no último mes, o que fixo nestes tres anos, non só por esa familia, senón por todas as familias usuarias de Servizos Sociais en Cambre, é encomiable. Poderán criticar, seguro, as

súas decisións como voceiro popular, ou a súa actuación dentro do Goberno, pero para nada, e o di con total sinceridade, se pode criticar o labor que vén facendo esa concelleira, por todos os veciños de Cambre, non fala só por esa familia, por todos os veciños de Cambre. Soamente hai que consultar os expedientes e hai que consultar o labor práctico, o traballo que fai todos os días.

Parécelle inxusto e irrespectuoso coa institución, de verdade, e sabendo, ademais, como o Sr. concelleiro sabe, que a concelleira non se pode defender, xa o advertiron o martes. O saben, porque este é un asunto do que se falou xa por outro tema hai tempo, a concelleira non pode falar de temas persoais en público, non o pode facer. Ela non se pode defender, pero todos os membros da Corporación teñen acceso aos expedientes e se non é aos expedientes por tema de protección de datos, si é á información que lle presten tanto os servizos técnicos como o responsable da concellería.

Conclúe dicindo que por iso pensa que está moi equivocado. Eles, de verdade, non se poden pronunciar, nin se van pronunciar, nin a favor nin en contra, vanse abster, pero precisamente por ese tema, porque a concelleira nin sequera ten a oportunidade de defenderse en público deste asunto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que simplemente, de verdade e sen ánimo de xerar máis polémica, nin caldear o ambiente, el agradece o ton da intervención do voceiro popular. E el non é que o recoñeza, senón que o di publicamente, que non solicitou información a esa concelleira de forma explícita, pero non é esa a única maneira de obter información. A maiores, o pasado martes, nas comisións previas a este pleno municipal, a concelleira de Servizos Sociais dirixiuse a el ao rematar a reunión, fóra da orde do día, para ofrecerlle acceso ao expediente. Con posterioridade, comprobouse que, efectivamente, pola Lei de protección de datos non se podía acceder ao expediente, e iso el entende que é algo que escapa, loxicamente, ao seu control.

Di que el non pon en tea de xuízo iso. O que si pon en tea de xuízo neste caso son os seus argumentos. El non está de ningún modo invadindo a intimidade de ningún veciño de Cambre, moito menos dun menor de idade, nin pide que eles o fagan. El céntrase nun aspecto meramente técnico. A el o que lle falta en todo isto é ver do Concello de Cambre unha actitude minimamente proactiva ante un problema derivado da ausencia dun persoal, neste caso médico-sanitario, dunha praza de ATS, que está media xornada no Portofaro, e a quen hai que facer presión é á Xunta de Galicia, e a quen hai que facer presión é ao delegado territorial de Educación, que é un cargo político do PP, loxicamente de libre designación.

Continúa dicindo que el pode entender multitude de cuestións, e insiste en que de ningún modo pon en tea de xuízo o labor dos profesionais deste concello. Queda meridianamente claro na moción e nesta intervención que está a ter, pero hai algo que non se lle poden negar. El non está de acordo politicamente co documento que se lle manda a esa familia a día 11 de setembro de 2014, onde se lles di literalmente que o Concello de Cambre lles informa de que por non ter competencia nesta materia lles recomenda cursar esa solicitude na administración competente.

Iso pódennlo dicir a un empresario, claro que si, xa sabe que legalmente é así, non o está dubidando, non está a acusalos de prevaricación, nin moito menos, está dicindo que son uns insensibles neste caso concreto e, chegado a este punto, onde xa comezara a actuar a Fiscalía de menores, Fiscalía de menores que por certo decretou o arquivo das dilixencias abertas, felizmente, porque é o que lle faltaba a esa familia. Dille á Sra. concelleira que parece ser que é así, pola información e polos documentos que posúe.

Polo tanto, e de verdade o di, pero falando moi claramente, politicamente non lle parecen formas. O BNG non está entrando na situación do cativo nin facendo *casus belli* pola súa familia, nin dirixen a súa estratexia, nin actúan coordinados con ela. De verdade lles di que non é iso. Aquí hai un problema, que poden chamar como queiran, pero isto arranxaríase se unha enfermeira adscrita á Consellería de Educación que ten praza no colexio Mosteirón de Sada, e que cumpre parte da súa xornada laboral no colexio do Graxal, cubrira a totalidade da xornada lectiva deste cativo, por exemplo, no colexio do Graxal, e asunto solucionado.

É unha cuestión política, e é unha cuestión de recortes nas políticas públicas e na igualdade. Esa é a súa visión, por suposto. Respecto total ao cativo e, de verdade, respecto persoal ao Goberno municipal e, aínda que non o pense e non o considere, á concelleira de Servizos Sociais. Están falando dunha cuestión política e existen, dalgunha maneira, responsabilidade, actuación e iniciativa política.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que politicamente el faille o mesmo ofrecemento que lle fixo a concelleira, e el mesmo tamén, que el tamén interveu, o martes nas comisións. Publicamente, de verdade, aínda que lle poida parecer o que lle pareza, dálle igual, porque o concelleiro do BNG falou cos pais, e supón que os pais o autorizarían para falar neste pleno sobre este asunto. Toda a información que queira, el e calquera outro membro da Corporación, sobre este asunto, toda, pero non das xestións que se fixeron nunha carta que lles chegou aos pais o 11 de setembro de 2014, non iso, senón todas as xestións que se fixeron dende o ano 2011 ata hoxe con ese problema. Todas as teñen á súa disposición, mañá, no seu despacho ou no despacho de M<sup>a</sup> Jesús.

Estalle dicindo que iso o concelleiro sabe que non o fixo, entón non pode xulgar. Iso que é tan obvio, que todos poden ver, non o fixeron dende o BNG, e como non o fixeron, é inxusto, moi inxusto que estean valorando a actuación política, porque aos técnicos el de verdade, igual que o concelleiro, presuponlles unha profesionalidade increíble, pero politicamente non pode saber as xestións que se fixeron, porque non as sabe, porque non as consultou. Entón, non pode pedir aquí publicamente que se reprobe a actuación da concelleira cando non sabe o que fixo, e non o sabe porque non o consultou, que se quere pode consultalo, porque a concelleira non o pode dicir aquí en público. Todos poden entender que este é un caso particular, que non se pode dicir en público, de verdade, non se pode dicir de ningunha forma. A Sra. concelleira está aberta a atendelos, estivo o martes, nunha reunión que tiveron a porta pechada, e está hoxe, e el tamén, para facilitarlle ao concelleiro do BNG, ou a calquera membro da Corporación, toda a información que precisen sobre este asunto. Non facelo, e traer unha moción pedindo que se reprobe a actuación política dunha concelleira, é inxusto e irresponsable coa institución. De verdade, el mantense na súa opinión, e

seguramente a posición do Sr. Carballada non sexa a mesma, pero aquí acabou o debate.

Don Daniel Carballada Rodríguez pide intervir.

O Sr. alcalde pregúntalle se os demais concelleiros poden intervir, porque el consume a súa quenda e despois quere seguir intervindo. Pregunta se hai outras intervencións.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que felicita ao BNG pola presentación desta moción, a sensibilidade coa que pretende tratar un tema tan delicado como é este. Di que eles entenden, a diferenza do Goberno, o espírito que motiva a presentación desta moción, que é buscar unha solución a un problema serio que ten unha familia de Cambre, solución que non pasa polo que ten proposto o xefe territorial da consellería, que é denunciar á familia ante a Fiscalía.

Conclúe dicindo que o seu grupo vai votar a prol da moción, como non pode ser doutro modo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que falaba o concelleiro do BNG de actitude proactiva, pero di que para iso hai que dicirlle á Xunta que non está facendo ben as cousas, e iso dende este Goberno pensa que se fixo moi poucas, ou ningunha vez. Iso é moi difícil. Poñer na balanza a Xunta e o partido cos veciños, aquí os veciños, ata agora, sempre saíron perdendo.

Pedir información. Di que UxC pediu información. Esta mañá foron falar coa concelleira e díxolles que non tiñan acceso ao expediente, como é normal, pero moi pouca información lles deu respecto do que di agora o Sr. Felipe Andreu, que hai información aí a que queiran. Para eles non foi así, foi de palabra, deulles algunha información de palabra. Outra información que lles deu, díxolles que non podían ou deberían facela pública e, por suposto, déronlle a súa palabra e non van facela pública.

El non dubida do traballo da concelleira, do tempo que lle dedica á súa concellería, pero non sempre se fan ben as cousas, e neste caso cre que se poderían facer máis e mellor.

Conclúe dicindo que o seu voto tamén vai ser a prol da moción. De todas formas, quereríalle agradecer a M<sup>a</sup> Jesús a información que lle deu hoxe, e a Dani, que tamén se preocupou de ir falar con el para profundar nesta moción, tamén toda a información que lles facilitou. El si que llela facilitou.

Concedida a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, en primeiro lugar quere manifestar a súa solidariedade con ese neno e con toda a súa familia. Pensa que esta moción é moi sensible, moi especial e con esa sensibilidade a trouxo aquí o BNG. O grupo de EU, evidentemente, vai votar a prol da moción.



Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e integrante do GM, amosa tamén a súa solidariedade coa familia, pero como tampouco dispón de toda a información, na votación vaise abster.

Toma a palabra o Sr. alcalde di que para rematar antes de pasar á votación. Dille ao Sr. Carballada que lle ten que reprochar unha cousa. Dille que este é un tema tan sensible, tanto, que el faríalle unha pregunta agora. Pregúntalle cantas veces se reuniu el, como alcalde, co pai dese neno, pregúntalle se o sabe.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que lle consta que moitas, cónstalle que dende hai máis de tres anos.

O Sr. alcalde pide que lle conteste á pregunta, cantas, que non lle diga moitas, senón cantas. É unha pregunta sinxela.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregúntalle se el é Manuel Rivas, non. Pregúntalle se el é o pai do cativo, non. Polo tanto, non pode saber cantas veces se reuniron, pero si lle di que lle consta que moitas, e si lle di que lle consta que dende hai máis de tres anos. Tamén lle di que lle consta que no ano 2011 lle dixo ao rapaz que o problema estaría solucionado. Pregunta se está contestado.

O Sr. alcalde di que contestado, perfecto. Dito isto, pregúntalle se sabe cantas veces esa concelleira á cal el quere reprobar, e el mesmo, como alcalde, estiveron co xefe territorial premendo, non por escrito, pero si de palabra, pese ao que diga o Sr. García Patiño. Loxicamente, eles cando van ao seu mesmo partido político é igual que cando os outros grupos van ao seu, el pregúntalle ao Sr. Carballada se pide por escrito que conste que o recibiron e que se levante acta do que lle dixeron. Dille que, por favor, que xa falará co Sr. Jorquera, a ver se é verdade, porque el fala co Sr. Jorquera de vez en cando, e está seguro de que cando o Sr. Carballada vai falar con el e pedirlle algo, o Sr. Jorquera non levanta acta nin o Sr. Carballada lla pide.

Conclúe dicindo que o Sr. concelleiro do BNG ten a información nesgada, e é una opinión persoal, simplemente nesgada. Eles, como equipo de goberno, neste caso non se poden defender, é imposible defenderse. A oposición votará o que queira, pero para o Goberno é imposible defenderse. O que lle parece é que respecto do de reprobar, se quere reprobar á Xunta pídelle que o faga, eles tamén a reproban neste caso, pero reprobar á concelleira de Servizos Sociais xa lle di que cre que está equivocado, como lle dixo o seu voceiro.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que lle agradece aos compañeiros da oposición este voto favorable nunhas circunstancias e nun tema peculiar e difícil, e ao conxunto da Corporación polo talante do debate, duro quizais, pero que mantiveron.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG, e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **D) Moción do grupo municipal do BNG respecto das obras de reforma do complexo deportivo da Barcala**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/8879 o día 25 de outubro de 2014, xunto coa outra moción presentada para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Varias usuarias (á vez nais de usuarios/as) das instalacións deportivas da Barcala veñen de poñerse en contacto co BNG para dar traslado da súa preocupación, fundamentada principalmente na falta de información, polas ‘inminentes’ obras de reforma do dito complexo deportivo.

Temen, por un lado, que a interrupción do servizo ofertado non se vexa reflectido no importe que pagan por acceder ao recinto e a determinados servizos, pero sobre todo expresan a súa inquedanza polas molestias que unha interrupción prolongada dos servizos ofertados (tanto piscina, como sala de ximnasio, ou aula de actividades diversas) poidan causar tanto nas súas rutinas deportivas, como, especialmente, na dos/as cativos/as que teñen ao seu cargo; repercutindo negativamente na conciliación laboral-familiar de cada quen. A maiores trasladáronnos o seu medo a que como consecuencia das obras a empresa concesionaria puidera ter a oportunidade de efectivizar algún recorte no cadro de persoal que atende, moi eficientemente segundo a xente consultada, a instalación.

Logo de manter unha conversa informal co concelleiro de Deportes, que nos atendeu correctamente, dándonos toda a información precisa, respondendo ás nosas dúbidas e mostrándose dilixente e coñecedor da eventual problemática, e despois de ter falado tamén con diversos profesionais da materia e con máis usuarios/as da instalación, tendo presente que contamos con marxe de tempo suficiente antes de que comencen as obras para paliar no posible as hipotéticas molestias delas, consideramos acaído dar traslado ao Pleno municipal, para que inste ao Goberno municipal, das seguintes propostas de resolución:

Primeiro: Incidir publicamente na idoneidade de que as obras se realicen secuencialmente, de tal xeito, que nunca se interrompa na súa totalidade a actividade do recinto.

Segundo: Deseñar, en especial para os máis pequenos, actividades deportivas provisionais para o tempo no que se vexan imposibilitados de practicar a natación, na propia Barcala, con idéntico horario, co fin de facilitar a conciliación ás súas nais e pais.

Terceiro: Chegar a acordos coas piscinas veciñas (en especial A Laboral) para, a maiores que coa de Sada, poder ofertar unha alternativa de uso durante as obras aos veciños e veciñas que acoden á Barcala.

Cuarto: Estudar, no caso de chegar a concretarse actividade de natación para cativos/as nunha piscina alternativa, a posibilidade de dispoñer dun servizo de transporte.

Quinto: Instar á empresa a manter o actual cadro de persoal da instalación.”

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que o voto do seu grupo, como xa lles comentou na conversación que citan na exposición de motivos, vai ser favorable. Como tamén lles dixo, o Goberno actualmente non pode fixar un prazo nin de inicio nin de finalización das obras, porque actualmente se atopa nun procedemento de licitación no cal un dos puntos que se valora é a redución de prazo, pero no proxecto si vén recollida a posibilidade de que as obras se realicen de maneira alterna para que se poidan ir utilizando as diferentes partes da instalación. Pero ben, eses son uns termos que terán que valorar os técnicos no seu momento, na mesa de contratación. A idea é esa, están completamente de acordo en que debería ir por aí, pero é unha valoración que teñen que facer os técnicos. Cando se chegue ao momento da apertura das ofertas das distintas empresas, serán eles os que o avalíen.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

#### **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

##### **4.1. Informes do equipo de goberno**

Este punto non foi utilizado.

##### **4.2. Rogos**

###### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8888 o día 25 de outubro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º A praza de Europa, espazo público situado tras o edificio do concello, tense convertido, dende a instalación de varios locais hostaleiros, en espazo de xogo e lecer para nenos. Tendo en conta que os xogos infantís xeran nos rapaces necesidades de inxerir auga é polo que este grupo solicita que, atendendo ás demandas de pais e

nenos, se instale no contorno da referida praza unha fonte de auga onde os nenos poidan saciar a sede.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

2º A comezo do presente curso véñense de realizar obras de sinalización e dotación de prazas de aparcamento no contorno do CEIP Torrente Ballester en Sigrás. Denuncian pais dos nenos escolarizados no mencionado centro que os cambios realizados só facilitan a circulación dos autobuses escolares, tendo eliminado espazos de detención e aparcamento de vehículos particulares, que os pais viñan utilizando, sobre todo en días de choiva.

A instalación dunha nova sinalización horizontal, que impide o aparcamento de vehículos, ten levado a que a policía municipal teña multado, en reiteradas ocasións, a pais que estaban á espera dos seus fillos nestes espazos prohibidos.

Entendendo que non é vontade do Goberno municipal recadar máis por multas no contorno dos colexios e que o espazo habilitado para aparcar resulta insuficiente é polo que este grupo solicita que, atendendo ás demandas da comunidade escolar, se realice un estudo da situación da zona dirixido á creación de novos espazos onde poder aparcar vehículos particulares.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, responde que esa nova zona de aparcamentos fíxose xa o ano pasado. Fíxose unha a 50 metros do centro, e xusto en fronte do centro fíxose outra este ano. Teñen unha cabida de máis ou menos 50 vehículos, mal estacionados, claro, porque todos van ao mesmo, entran e saen ao mesmo, mal estacionados caben máis de 50 vehículos.

Tamén se está facendo un estudo, non só dese centro, senón de todos os centros escolares, pero baseado sobre todo na seguridade dos menores. É un estudo que lles farán chegar en breve aos centros, para consensualo entre todos, pero xa di que baseado sobre todo na seguridade.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en principio ninguén discute que sobre todo a seguridade dos nenos ten que estar por riba de calquera outra circunstancia. O que si é certo é que parece que a sinalización que se ten efectuado é soamente en clave de comodidade, ou loxicamente para que o transporte escolar poida manobrar axeitadamente, pero tamén é certo que nalgúns sitios pode resultar excesivo o espazo que se ten dedicado para ese mester. Incluso os accesos e os aparcamentos imposibilitan en moitos casos que os vehículos poidan transitar adecuadamente. Cre que hai que facer un estudo moito máis amplo, incluso a posibilidade de ver se hai espazo no contorno para xerar máis espazo de aparcamento de vehículos, na zona baixa da fonte. Ten un acceso un pouco complicado, é un pouco en rampla, pero ao mellor pódese amañar.

Reitera a petición de que se faga un estudo xeral tendo en conta as necesidades existentes nestes momentos e sobre todo de que forma se pode solucionar isto. Cre que se lle botan un pouco de vontade non habería moito problema en intentalo. O dos

cincuenta vehículos si que non o cre. No espazo que se xerou alí, onde a baixada, non entran cincuenta vehículos aparcados.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que non, referíase a entre os dous, entre ese e o de abaixo, mal aparcados. Non abaixo de todo onde a escola de música, o anterior. No que está no medio e no que está arriba de todo.

Don Augusto Rey Moreno dille que no que está no medio ata acceder ao colexio hai máis de 100 metros, que á hora de que vaian os rapaces un día de choiva resulta bastante. Hai espazos no contorno máis preto onde poden os nenos e os pais ir máis facilmente a aparcar.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel indica que como lle dixo hai unha comisión xa creada por varias persoas, composta pola Policía, Protección Civil e enxeñeiro técnico, e entre todos van tratar de quitar os menos aparcamentos posibles, gardando sempre a seguridade do menor, niso están. Xa están traballando en todos os centros.

Don Augusto Rey Moreno solicita que lle dea traslado, chegado o caso, dese estudo que se faga.

3º Denuncian veciños do Sixto os problemas que sofren á hora de pasear ou circular cos seus vehículos polo contorno da chamada "Casa Gundín". As silvas e vexetación que cubre o seu muro exterior, en gran parte do seu redor, dificulta a circulación polos camiños, xa de por si estreitos, que a circundan.

Por todo iso, solicitamos se adopten as medidas oportunas para demandar aos propietarios da citada casa o correcto mantemento da vexetación exterior da súa propiedade.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que xa se iniciaron os procesos para mandar aos propietarios que limpen o muro. Xa o estiveron vendo e agora van inicialo.

### **Rogos de UxC presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8883 o día 25 de outubro de 2014.

1º Pregamos nos explique cal é o motivo polo cal a partida orzamentaria dedicada aos empresarios do polígono industrial non se entregou dende hai tres anos, estando aprobada nos orzamentos.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que o motivo é porque a partida que efectivamente consta no orzamento municipal cun importe de 18.000 euros está supeditada a que a dita comunidade de propietarios se constituía nunha asociación, unha asociación de empresarios cun fin empresarial. Di que así llelo teñen comunicado a eles en varias ocasións nas que teñen acudido ao concello para interesarse por este convenio e así é como llelo teñen comunicado xa dende un principio.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que non sabe o que cambiou dende hai tres anos para aquí, porque xa vén dende hai varios anos que se lle vén dando esta partida aos empresarios. Pregúntalle se o que quere dicir é que porque non se constitúen, que el cre que estaban constituídos, porque non se constitúen como asociación, non cobraron durante tres anos 18.000 euros, cando son os encargados de facer a limpeza do polígono industrial, ou a poda das árbores do polígono, entre outras moitas cousas. Pregunta se lle está dicindo que son eles os que non dan ese paso para cobrar esa subvención.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe contesta que efectivamente. O convenio que se viña asinando anteriormente, asinábase cun colectivo que era unha comunidade de propietarios da que moitos deles non tiñan nin sequera nave empresarial no polígono. Entenden que ese convenio carecía de calquera informe, tanto de tipo xurídico como de tipo económico, polo tanto, non consideraron dende un principio a posibilidade de volver renovalo. Cambiou o Goberno, cambiou o criterio, cren que é acertado, e dende o primeiro momento ténselles comunicado que a opción correcta para poder asinar un convenio dese tipo é constituírse legalmente nunha asociación, como fan as demais. O cal non quere dicir que o Goberno estea pechado á celebración de ningún tipo de convenio, porque de feito si se teñen comprometido a manter esa partida ata que se produza ese feito, e así é.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que UxC tense reunido con eles e non é iso o que eles lles din, senón que reiteradamente preguntaron por que non se aboaban esas partidas e era porque incluso había dúbidas sobre se estaban ou non no orzamento. UxC llelo fixo chegar, como non podía ser doutra forma.

De todas formas, a el gustaríalle ver o informe, porque a señora concelleira di que entenden que debería ser así, e o que entenda o Goberno, entende el que ten que estar avalado por un informe técnico, que agarda se lles faga chegar. O que é increíble é que estean falando dun polígono industrial que está deixado das mans de Deus, cando teñen un alcalde que é presidente doutro polígono industrial e que seguramente defende moitísimo máis e mellor que aos empresarios de Cambre. Iso é o que realmente lles parece a eles.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. García Patiño pode atacalo polo que queira, pero que as cousas hai que facelas ben, e el pódelle dicir que neste tema do convenio co polígono do Espírito Santo non existen informes. É máis, di que se recepcionou o polígono no ano 2011, febreiro do ano 2012. Dábaselles unha cantidade para a poda, pero dende o momento da recepción o concello faise cargo de todos eses servizos, agás un, o punto limpo.

Os empresarios do polígono do Espírito Santo viñeron moitas veces a falar con el, moitas, e el tenlles dito que a única maneira de facelo ben, correcto e legal, é constituíndose nunha asociación de empresarios. Nunha comunidade de propietarios non ten cabida. É o que fan as demais asociacións en todos os polígonos industriais. Iso é o que fan, e non hai ningún problema, ningún. Todas as asociacións teñen un cometido, e como tal cometido desenvolven as súas actividades.

Se eles non o poden conseguir, ou non o queren conseguir, ese é outro problema, pero non están rexistrados como asociación de empresarios, que é o que ten que ser, porque a asociación de empresarios neste país, de momento é voluntaria, e como é voluntaria, se non reúnes o quórum do 51% non tes a aprobación do resto de empresarios do polígono, e el iso sábeo ben.

El persoalmente comprometeuse con eles a manter a partida orzamentaria no orzamento, precisamente para a súa constitución como Asociación de empresarios do polígono industrial do Espírito Santo. Di que esa é a realidade.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el non ataca ao Sr. alcalde, e engade, ante as palabras do voceiro do PP Felipe Andreu, que a súa expresión tamén cre que sobra. El non ataca ao Sr. alcalde, el ataca directamente a xestión que fai e dille o por que. Quere convencelos de que unha asociación de empresarios, por non constituírse como asociación, deixa de cobrar 18.000 euros ao ano durante tres anos. Iso é o que está dicindo, e que eles legalmente, porque son a xente máis legal que os legais, non lle poden dar esa subvención.

Non sabe se o Sr. alcalde leu a Conta Xeral do 2013, non sabe se o fixo. Non sabe se leu que lle está dando diñeiro a outras asociacións que non tiña por que dállelo. Non entende realmente que diga que o ataca, iso son feitos, o resto é o que o Sr. alcalde di.

Xa sabe que viñeron ao concello, xa o sabe, e xa sabe que viñeron falar co Sr. alcalde deste tema, varias veces, pero solución para eles, ningunha. Por iso trae UxC isto ao pleno.

O Sr. alcalde pide que o perdoe, pero que insiste. O Sr. García Patiño trouxo moitas veces a este pleno o tema dunha parcela que ocupa polo menos a terceira parte da superficie do polígono, que é precisamente dun banco. Pregúntalle se lle ten que dar 18.000 euros a unha comunidade de propietarios na que tamén está esa parcela de 70.000 metros do banco. Distinto é se é unha asociación, que ten a súa empresa instalada nunha parcela, e traballa como asociación, pero non unha comunidade de propietarios. O diñeiro é público, pero non é del. El ao mellor pode dállelo, pero o diñeiro é público, e xa lle di que o convenio que había non tiña informes.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que parece mentira que o Sr. alcalde fale de informes e do diñeiro que saca ou non saca do concello sendo público, parece mentira que o diga el e que veña dicilo hoxe aquí.

2º Segundo a acta da Xunta de Goberno do 14 de xullo, existen catro recursos interpostos ao concello, tres polo sindicato UXT e un polo Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física (COLEF Galicia).

Solicitamos información referente a estes recursos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, di que tamén quere preguntar en que situación están eses recursos.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que os recursos están presentados. Solicitaron os informes para resolvelos e están pendentes de que lles entreguen eses informes. Varios deles teñen que vir aquí a pleno, así que xa cando veñan daráselles toda a documentación.

3º Segundo a Conta Xeral do 2013, no ano 2013 non se recoñeceu ningún ingreso polo concepto “39902 Ingresos festival Brincadeira e Rock in Cambre”.

Despois de pedir reiteradamente información respecto das débedas e aprazamentos das empresas encargadas da realización do evento, solicitamos se nos informe se estas empresas depositaron as cantidades que adebedan ao concello, se dunha vez por todas nos facilitan os documentos que acreditan a petición por parte das empresas de aprazamento, e a resolución para conceder eses aprazamentos.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que a documentación tena para consultar se quere nas oficinas municipais, cre que está o expediente en Alcaldía. En calquera momento pode ir consultalo, só faltaba.

En canto aos ingresos, o último ingreso que teñen é un ingreso de 10.000 euros, que xa se fixo hai tempo, no mesmo momento no que se solicitou o aprazamento. Ese aprazamento a el sóalle que xa falaran del nun pleno. Contestóuselles por parte da tesoureira requiríndolles unha serie de documentación que non presentaron, e agora mesmo o asunto está en executiva, ou vaise iniciar a vía executiva. Cre que a data de hoxe aínda non teñen ningún ingreso a maiores feito, ademais deses 10.000 euros que cre que xa lle comentou noutra sesión plenaria.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el non ten por que ir consultar o expediente, terá que ir consultalo se realmente cre que a documentación que o Goberno lle ten a obriga de dar, porque é o seu dereito a pedila, e o deber deles entregala, non é suficiente e consta nun expediente que non pode saír do concello.

Eles o que piden é moi sinxelo, é dicir, pregunta onde están os documentos nos que as empresas solicitaron o aprazamento ao concello, onde están os documentos, e onde están os documentos onde o alcalde por resolución aprobou eses aprazamentos. Di que xa van máis de dous anos que levan con ese tema. El cre que se foran os cartos de calquera deles, isto xa tiña tido outro rumbo, seguramente.

Don Felipe Andreu Barallobre reitéralle que os documentos están nas oficinas municipais para consultar. Se quere unha copia deses documentos, el non ten ningún problema, escanéellos, métellos nun CD e entrégalos mañá mesmo sen ningún problema. Non hai absolutamente ningún problema por facelo, están aí.

Pero iso que está dicindo o voceiro de UxC de que hai unha resolución do alcalde aprazando o pago, non a hai, hai unha solicitude de aprazamento. Ese tema falouse antes, falouse coas empresas, elas propuxeron a posibilidade de facer un aprazamento, o alcalde dixo que sempre que se cumpriran os requisitos que se lle concedería, solicitaron o aprazamento, e como non presentaron a documentación que tiñan que presentar, remitíuselles un escrito requiríndolles para que presentaran esa



documentación, esa documentación non a presentaron. Entón, a fase na que teñen que entrar é na executiva, ou no procedemento que dende Tesourería se entenda que se ten que seguir para recadar ese diñeiro que se lle adebeda ao Concello de Cambre.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta se lles están tomando o pelo. Di que esa solicitude, por escrito, xa hai máis de dous anos que a teñen presentado. Dille que non diga que se queren esa documentación a teñen á súa disposición e que lla grava ou que lla manda, é unha tomadura de pelo. Xa non é nin a primeira, nin a segunda, nin a terceira vez que meten por rexistro a petición desa documentación, e vanlle traer no vindeiro pleno o que dixo o Sr. alcalde respecto da resolución para darlle os aprazamentos, a unha pregunta que tamén lle fixo UxC.

Se a piden é precisamente porque eles lles dixeron que as empresas o solicitaran, entenden que por rexistro, non cre que no bar, supón que no bar non foi, e segundo, cando se lle di se fai un aprazamento, que iso o dixo o Goberno, que facían un aprazamento, tamén será cunha resolución, será cun papel, ou pregunta se tamén é no bar. Parece unha tomadura de pelo, e se teñen a documentación pide que lla entreguen, ou senón el agarda que mañá, ou o luns, que vaia ao seu despacho e que a teñan para darlla.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el non sabe se o Sr. García Patiño frequenta os bares, o Sr. alcalde, que el saiba, recibe aos veciños, ás empresas, aos provedores, os recibe no seu despacho. Se quere falar de bares, pídelle que fale de se el vai aos bares, pero que non fale de se os demais van aos bares, porque queda un pouco mal, e supón que o entenderá.

El estalle dicindo que esa documentación tena se a quere, outra vez, porque a el cónstalle que xa estivo consultando a documentación, e a estivo consultando, que el saiba, no mesmo despacho do alcalde, que é onde recibe.

Pregunta ao Sr. García Patiño se lle deixa terminar.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que si, pero que non minta.

O Sr. alcalde pídelle ao Sr. García Patiño silencio, e pídelle que non insulte a ninguén.

O voceiro de UxC manifesta que é que está mentindo.

O Sr. alcalde dille que non é verdade, e que el foi consultar ao seu despacho e non quixo ver o expediente. E logo foise ao despacho da antiga interventora, a Sra. Irache Enríquez, e si revisou o expediente. Pregúntalle se non é certo, e dille que diso non hai dous anos.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregúntalle ao Sr. alcalde de que están falando aquí.

O Sr. alcalde pídelle que non lle grite, que están falando diso.

O Sr. García Patiño volve preguntarlle de que documentación están falando.

O Sr. alcalde preguntalle canto tempo hai, porque dixo dous anos.

O Sr. García Patiño contesta que xusto despois do Brincadeira.

O Sr. alcalde dille que non é verdade, que minte aquí diante de toda a xente. El sabe que estivo vendo o papel que el ten nas súas mans, que é de febreiro do ano 2014, pregunta se hai dous anos, de febreiro aquí van 6 meses. O Sr. García o estivo vendo, a solicitude de aprazamento. O estivo vendo no despacho de Irache, a antiga interventora. Pero dille que non vai entrar en discusión con el. Ten a documentación toda á súa disposición, cando queira e como queira.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta por que non lla mandan.

O Sr. alcalde dille que non se preocupe, que mañá llela manda, llela volven mandar.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que mañá llela mete nun CD, de verdade llo di, díxollo antes e volve dicirlllo. Dille que mañá se pase polo seu despacho, que terá listo un CD para que se leve a documentación, a ver se agora, no vindeiro pleno, ten ganas de dicir que non tivo a documentación. Reitera que mañá no seu despacho ten a documentación lista.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8886 o día 25 de outubro de 2014, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu primeiro rogo trata sobre a parcela onde están situados os servizos en San Lourenzo, o centro sociocultural e instalacións de xogos infantís. Como comprobaron estes días que xa empezaron as obras, o seu grupo vai retirar o rogo, un rogo que lles tiña presentado a asociación de veciños. Van retiralo porque comprobaron que xa deron comezo as obras, polo menos do saneamento, do que é a recollida de augas pluviais.

O que si quixerían é ver se lle poden informar de en que consiste o conxunto do proxecto. Se vai incluída a retirada do parque infantil debaixo das liñas de media tensión, etc.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que se tiña feito un proxecto e pediuse por dúas veces subvención para poder executar tanto o tema do saneamento de pluviais como o traslado do parque infantil, así como para pavimentar a explanada. Foron denegadas as dúas veces, pediron explicacións, e contestaron que se por puntuación e tal se denegaron.

O que están facendo agora é tratando de resolver o problema das pluviais de cara ao inverno, van poñer o portalón que está feito, xa leva meses feito na escola taller, pero non lles foi posible poder facer esas obras antes, e van acometelas coa brigada de obras. Iso é o que en principio van facer agora, porque teñen pendentes aínda outras cuestións de temas de inundacións e cousas dese tipo do inverno pasado, e é o que están atallando antes de que lles veña o inverno, tratar de ir resolvendo iso. Estiveron

resolvendo varias zonas, varios sitios, concretamente por poñer algún exemplo aí en Cela, en Cambre, na casa que hai xunto á ponte, resolveron ese problema, tamén na Barreira, estase agora en San Lourenzo, teñen que resolver outro en Anceis, etc. Están dando un pouco máis de preferencia a ese tipo de cuestións. Entón, o parque, tan pronto como sexa posible trasladarano, pero agora mesmo o que van facer é resolver o tema das pluviais, vanlle botar un pouco de zahorra tamén na fochanca que fai alí un pouco no medio, segundo se vai para o local social, para evitar que se acumule auga no inverno, porque teñen problemas coas actividades para pasar, o parque máis adiante. Agora non poden, teñen prioridade para ese tipo de problemas coa choiva.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que consideran que todas as obras que están facendo alí son interesantes, pero hai unha que para eles é especialmente interesante e parece que non se vai facer. É a recolocación do parque infantil. Eles pensan que un parque infantil non pode estar onde está, debaixo dunha liña de media tensión, e case pegado a un poste. Neste momento, a responsabilidade do que poida ocorrer, oxalá non ocorra nada, será do Goberno.

El diríalle ao Sr. Marante que se non pensan en recolocar o parque de inmediato, que o clausuren, que o pechen.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el explica os motivos polos cales agora mesmo ten outras preferencias. O de clausurar o parque, quitar os xogos de alí, non pasa nada, quítanse e non pasa nada, xa non o usan os veciños tampouco, ese parque practicamente non o usan, e agora no inverno usarano menos. Pero agora mesmo el ten que mirar de resolver os problemas, algúns que lle quedan aínda por resolver polo tema da choiva, de inundacións e ese tipo de cuestións, en vivendas e demais.

O parque el non ten ningún inconveniente en ir coa pala, sacalo, aparcalo e recollelo provisionalmente ata que se poida reinstalar noutro lado, para o almacén da brigada de obras sen problema. Se eles queren que o retiren, o fan, iso é pouco tempo, pero recolocalo si lles leva un tempo, porque hai que reacondicionar o terreo, hai que valar, e demais. Iso lévalles un tempo e o inverno está enriba, e el cre que debe darlles preferencia a aquelas persoas que están tendo problemas de inundacións nas súas casas.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, efectivamente, que sacar a auga das casas é interesante, pero cando falan da integridade física das persoas, e sobre todo dos nenos e nenas, que son os máis vulnerables, cre que tamén deben incidir nese tema. Nunca pasa nada, pero alí poden estar suxeitos a que pase calquera detalle, calquera cousa, calquera accidente. Por iso di que diso tamén se deberían preocupar. Para eles ese tema é fundamental.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que a liña de alta tensión estaba aí cando puxeron o parque. Entón, a responsabilidade será de quen fai as cousas como se fan, sen preocuparse. E dille que non está debaixo da liña de alta tensión, está un tanto desviado, non sabe se ao mellor os cinco metros que son necesarios, pero tampouco

é a cousa tal, e o poste que está alí está perfectamente valado, porque aí atrás se lle reclamou a Fenosa, porque estaba deteriorado e o valaron outra vez.

El comprende que efectivamente non é o sitio adecuado para estar, pero pide que tampouco saquen as cousas de contexto. Loxicamente hai que apartalo de alí, pero xa lles di que se atopou con eses outros problemas. El tiña o proxecto presentado para unha subvención e poder facer todo o traballo de golpe, pero ten que ir facéndoo coa brigada. El non ten ningún inconveniente, como lles dixo, en se queren que quite o parque, quitalo, levántalo e lévalo mentres non o poida instalar noutro lado.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o Sr. concelleiro di que está afastado da liña, el o que lle di é que incumpre o Decreto 245/2003, do 25 de abril, da Xunta de Galicia, no que se refire á seguridade dos parques infantís, nada máis di iso, que está incumprindo a normativa. E se os que o puxeron aí, que non sabe que cabeza pensante puxo aí ese parque, a responsabilidade agora é de quen non o saca. El cre que lle corresponde a este Goberno tomar unha medida axeitada para retirar o parque de aí e para que a xente que vai alí non corra ningún risco.

Don Manuel Marante Gómez dille que o seu compromiso é retiralo de alí, é o seu compromiso, pero agora mesmo ten que facer as outras cousas. Reitera que o seu compromiso é de retiralo de aí. Ademais, quen o puxo alí non sabe onde tería a cabeza, pero o que fixo o local aínda a debía ter máis para o outro lado, porque aquilo de verdade que dá mágoa. Neste tempo que levan alí traballando, el vai cada dous por tres a resolver problemas. Por poñerlle algún exemplo, di que botaron non sabe cantos días pelexando para sacar os olores do servizo de señoras, porque era pestilente, selaron por un lado e por outro, tolearon e ao final tiveron que furar e o que estaba era posto do revés o sifón do váter. Colocáronlle un calentador de butano de cinco litros, deses pequerrechos na parede, aparafusárono e aos dous días caeu todo abaixo, porque non ten nin cemento. É unha vergoña o que se fixo alí. Por iso, van resolvendo as cousas, pero pouco a pouco.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que algunha responsabilidade terían os técnicos deste concello e máis os responsables diso, pero os técnicos tamén terían, a responsabilidade de recepcionar a obra.

2º Ante a situación de precariedade na que se encontran algunhas infraestruturas eléctricas de servizo público do concello, pregamos nos informen se o Goberno ten solicitado algunha auditoría sobre o estado dos cadros das instalacións eléctricas de servizo público do concello.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que se está preparando o prego de prescricións para poder sacalo a licitación, porque iso vai custar, segundo as estimacións dos técnicos, en torno a uns 30.000 euros, e están con iso.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que o Sr. alcalde tiña informado, se non se equivoca, na xunta de voceiros do 18 de setembro, que se ía pedir unha auditoría, concretamente cre que se dixo a Instelec, e por iso preguntan, porque pasou un mes e non tiveron coñecemento de nada. O que si comprobaron é que hai

multitude de cadros que están sen ningún tipo de protección, incluso a unha altura moi baixa, cun acceso para nenos e persoas que pasan por eses sitios. El xa puxo en coñecemento do concello algúns deles, polo menos dez, e seguen estando na mesma situación.

Á marxe de que se faga a auditoría cre que debían apercibir á empresa que leva o mantemento que lle poña polo menos unhas tapas, ou algo de seguridade a eses cadros.

Don Manuel Marante Gómez explica que a empresa Instelec efectivamente está facendo unha revisión de todas as instalacións, fundamentalmente dos cadros, e tamén dos farois. Mandóuselle facer unha revisión a todo, e están facéndoa, e pouco a pouco están reparando ese tema, porque de cara á auditoría van ter que intentar ter o máis adaptadas posibles todas as instalacións, porque esa auditoría leva consigo, primeiro, que habería que facela cada cinco anos, e aquí neste concello non se fixo ningunha aínda. Nunca se fixo ningunha auditoría, e agora as cousas están. Vaise contratar, pero como dixo hai que intentar telo todo o máis avanzado posible. Todos saben e lembran os apagóns que sufriron os veciños hai aproximadamente dous anos por motivo de corenta e pico cadros que estaban como estaban.

A auditoría leva consigo que, no momento en que se faga o informe, en seis meses todas as deficiencias que detecten teñen que estar solucionadas, e senón, córtanse eses cadros, inutilízanse. Polo tanto, están falando de cousas que hai que ter un pouco de paciencia e como di, está Instelec traballando no tema para ir adecuando todas as instalacións. Leva un mes e pico traballando no tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que nada máis que manifestar que cando existen unhas deficiencias manifestas, el cre que o que cómpre é reparalas, antes de que ocorra unha desgraza, como teñen observado non hai moito tempo nalgún sitio. E aquí en Cambre hai varios cadros que están a unha altura dun metro da rúa. Xa lle dixo algunha vez cales eran e rógalle que procedan e que os reparen.

3º Ante as continuas queixas dos veciños/as, comprobamos como “prolifera no concello vertedoiros ilegais e incontrolados de lixo e entullos”. Unha situación, que xa temos posto en coñecemento dos responsables do Goberno en reiteradas ocasións.

Trátase de lugares onde se depositan dende pneumáticos usados, entullos e outro tipo de materias de procedencia descoñecida, algúns deles contaminantes, como o amianto. Chama a atención como se invaden camiños e espazos públicos impedindo nalgún caso a circulación de vehículos, como é o caso do camiño que transcorre entre a área recreativa das Gamelas e o camiño de San Benito.

Pregamos se retiren os materiais acumulados no mencionado lugar, e se adopten as medidas oportunas para evitar a súa proliferación no termo municipal, tales como a vixilancia e o cumprimento das vixentes ordenanzas municipais para tal efecto.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están totalmente de acordo en que hai unha cantidade de vertedoiros incontrolados tremenda. Están facendo recollidas con bastante frecuencia, con certa frecuencia.

Onde hai amianto ou uralita estase mandando unha empresa que vaia retiralo e por cada sitio que van atópanse con sorpresas. Cando non había o punto limpo había a desculpa de que non había onde tirar, agora hai o punto limpo e agás o amianto, que é o único que non recollen, a xente é como é.

Deuse orde para que cada vez que se vaian recoller pola brigada eses vertedoiros, que tamén a Policía mire a ver se poden recompilar algún dato ou algunha forma de localizar algún responsable dos restos que se tiran. Ata o momento non deu resultado, parece que tampouco ninguén os ve, a moita xente el dilles que cando vexan algo disto que collan a matrícula e lla dean, que xa el se encargará do resto, porque de verdade, hoxe mesmo quedou abraiado, foi ver un sitio por unha chamada de Andeiro para a posible colocación da depuradora para a rede de sumidoiros, e alí hai un camión, polo menos, de cousas. Non hai máis dun mes que pasou por alí e non había nada, e agora hai case un camión de metralla tirada alí no regato. É increíble, a xente nese aspecto el cre que deberían ser conscientes, os veciños, do dano que están facendo ao seu concello con eses vertidos. Calquera veciño que vexa a alguén deses, el pídelles, de verdade, que collan as matrículas ou o que sexa e que llo dean. Se non queren denunciar, porque aquí ninguén quere denunciar a ninguén, pasa o que pasa, pois que llo digan a el, que xa se encargará el de denunciar. Conclúe dicindo que de verdade dá mágoa pasar por moitos sitios.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que como primeira medida el cre que non estaría de máis que se fixera unha limpeza en xeral da cantidade de vertedoiros que hai. E nos sitios nos que se verte, que hai sitios públicos, polo menos indicar, poñer un cartel de que está prohibido verter todo tipo de entullos. Iso en primeiro lugar, que para isto está o punto limpo.

Por outra parte, el tamén incidiría na vixilancia. Ao mellor non estaría de máis que se fixera unha brigada especial da Policía local e que se lle encomendara, nuns certos días e nunhas certas horas, que pasaran por eses sitios, porque son sitios concretos ademais, onde normalmente se depositan os entullos.

Hai sitios, como ese camiño, onde non se pode pasar, porque está cheo totalmente de cristais e outros obxectos que non se sabe nin que son. Por outra parte, a cantidade de amianto contaminante que hai alí tirado. Por iso, el cre que como primeira medida deberían facer unha limpeza de todos os vertedoiros que hai.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/8963 o día 27 de outubro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que van retirar os dous rogos. O primeiro porque fala do Graxal, da sinalización viaria da praza Manuel Murguía coa rúa Constitución e co Paseo Marítimo e xa se fixeron o luns ou o martes catro pasos de peóns. Iso era o que eles pedían e xa está feito.

En canto ao segundo rogo van retiralo como deferencia cara a Esquerda Unida, que trae unha pregunta sobre o mesmo tema e presentouna antes.

### **4.3. Preguntas**

#### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8888 o día 25 de outubro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª No pleno de xullo pasado preguntábase sobre a situación das negociacións cos propietarios de diferentes terreos do centro de Cambre, onde o Goberno tiña a intención de crear un aparcadoiro público de 190 prazas. Transcorrido o tempo, nada se nos ten informado do resultado das conversas e como queira que as necesidades de prazas de aparcamento no centro de Cambre seguen a existir é polo que este grupo pregunta:

Para cando se ten pensado poñer en marcha o prometido aparcadoiro público no centro de Cambre?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que recentemente se chegou a un acordo cos propietarios dos terreos e nestes momentos están redactando o acordo, o cal agardan que estea á maior brevidade posible.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que entenden que ese acordo aínda non está plasmado nun papel.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que o están redactando.

Don José Manuel Lemos Seoane manifesta que ao seu grupo gustaríalle que se lles pasara unha copia do dito acordo cando estea feito.

2ª O noso municipio ten o orgullo de contar entre os seus cidadáns con algúns deportistas de elite, entre os que se encontra Aida Vieites Pier. Aida é patinadora do club de patinaxe artística Maxia, e o seu brillante palmarés completouse este ano cun terceiro posto no campionato de España, un quinto posto no campionato de Europa e un quinto posto no Mundial de Reus que finalizou o día 12 deste mes.

Os éxitos deportivos dos nosos cidadáns foron e deben de seguir sendo motivo de satisfacción para este municipio, e o esforzo destes deportistas, un exemplo para todos, especialmente os mozos. Este concello non debe de deixar pasar a oportunidade de poñelo de manifesto sexa cal sexa a disciplina deportiva.

Por todo isto este grupo pregunta:

Ten previsto o Goberno municipal realizar algún tipo de recoñecemento á cambresa Aida Vieites Pier en atención aos seus indubidables méritos deportivos?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que si, que se poñerán en contacto con ela, xa o teñen organizado, pero o que pasa é que por unha cuestión de axenda, neste caso da súa persoal, non puido

fixarse unha data concreta. Poñeranse en contacto con ela para facerlle unha recepción, como adoitan facer con todos os deportistas que obteñen méritos neste concello.

3ª Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que van retirar a terceira pregunta, xa que na mañá de hoxe recibiu, como ben sabe a Sra. concelleira, unha copia da acta da última reunión do Consello Sectorial de Benestar Social. Vaia por diante que eles non teñen intención de ir máis alá do que foi un lapsus informático, pero si lles gustaría que se dera traslado dos acordos cando se detectan estas irregularidades, o antes posible. Non sabe se o fixeron coas entidades ausentes.

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación contesta que si se lles ten comunicado. Efectivamente foi un erro informático, parece ser que houbo un fallo nalgún correo electrónico e a partir de aí non seguiu notificando ás seguintes persoas. Non obstante, en canto ás medidas que se van tomar agora, vaise seguir co mesmo sistema de correo electrónico, pero teñen que recibir a contestación do OK, se non é así, chamaríase para que non volva ocorrer isto.

Don Jesús Bao Bouzas engade que eses son os termos nos cales se ten dirixido a eles o funcionario Ricardo Puertas, vaia por diante que aproveita para destacar a súa profesionalidade, é o sustento real dese consello sectorial.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8883 o día 25 de outubro de 2014.

1ª Cando ten pensado o Goberno municipal arranxar os nichos do cemiterio de Cambre e limpar o terreo adxacente?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que está o proxecto en licitación. Agardan que no mes de novembro se adxudique, para comezar canto antes a obra.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, pregunta cando ten pensado que sexa iso.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que xa di, que se en contratación dan feito toda a tramitación, porque está en proceso de licitación, supón que neste mes de novembro, iso agardan, que se adxudique e despois comezar canto antes. Non lle pode dicir que van comezar a finais ou a principios de decembro. Xa di que está en proceso de licitación a contratación.

2ª Cal é o motivo polo que se fixo o aparcadoiro en fronte do colexio de Sigrás nunha parte do terreo e non se utilizou a súa totalidade?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o que se fixo foi a parte na que había a explanada, a parte de arriba. Non sabe se ao que se refiren é a facelo pola parte de abaixo da fonte ou á parte que está por detrás do



campo de chave ou a cal se refiren. En principio explanouse iso sen máis, haberá que ver se cara á fonte é posible utilizar algún tramo alí, coa pendente que ten. A verdade é que non miraron iso.

Despois, respecto da zona de detrás do campo de chave, leva toda a vida unha familia alí utilizándoa como horta para consumo doméstico, toda a vida. Non sabe se se refiren a iso, cre que haberá que mirar xunto á fonte a ver se hai posibilidade de que se poidan ampliar máis. A semana que vén o mirará, cun técnico, a ver se é posible amplialo para xunto a fonte.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o que está claro é que non chegan, porque foi velos e non son capaces de aparcar un en fronte doutro, porque co que se fixo non saen. Por iso, o que din é que habendo terreo alí, pois que se amplíe, que se faga dunha vez por todas e que se dea solución aos problemas que se veñen comentando dende hai tempo.

3ª Cal é o motivo polo cal non se constituíu o Consello Xeral de Participación Cidadá?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que o motivo polo que de momento non se constituíu o Consello Xeral de Participación Cidadá é que, tal e como se constitúen os consellos sectoriais, a día de hoxe, cun só consello sectorial montado, non tería moito sentido montar o xeral, porque estaría constituído polos políticos e por dúas ou tres persoas que constitúen xa o sectorial de Benestar. O que se está intentando facer canto antes é crear máis consellos sectoriais para que poida haber unha maior masa crítica para constituír o xeral. Ese é o único motivo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que lle veñen á cabeza varias dúbidas.

O Sr. alcalde dille que ela pregunta por que non se constitúe o xeral, e el cre que está contestado, non sabe que dúbida lle queda.

Dona Elisa Pestonit Barreiros respóndelle que lle quedan dúbidas, porque cada persoa ten as súas dúbidas. Se o Sr. alcalde ou a Sra. concelleira teñen a ben contestarlle a algo que quere preguntarlles, ben, se non, non pasa nada, non pregunta e pregunta para o vindeiro pleno.

O Sr. alcalde dille que é que iso poden facelo todos os membros da Corporación. A pregunta é pregunta-resposta, e senón pídelles que o presente como rogo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros dille que por iso pregunta, que se teñen a ben contestarlle, de acordo, e se non, non pasa nada.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8886 o día 25 de outubro de 2014, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª O Goberno de Cambre leva toda a lexislatura insistindo na teima de cumprir e facer cumprir a legalidade, sirva de exemplo o argumento que esgrime para xustificar a revisión catastral. Ao noso grupo municipal parécelle ben que o alcalde teña sempre presente nas súas accións de goberno este motivo.

Lamentablemente, o problema é cando falamos de cumprir normativas, neste caso estamos a falar do Regulamento de participación cidadá.

Este regulamento, no seu capítulo IV, onde fala do dereito de audiencia pública, refírese a elas como sesións específicas abertas a todos os que o desexen para ser informados e escoitados respecto de temas de competencia municipal, ademais concreta isto no artigo 15.2 onde textualmente indica.... *A Alcaldía convocará polo menos unha cada ano para presentar o programa de actuación municipal e as ordenanzas municipais, cunha antelación mínima de 15 días ao pleno no que se presenten....*

Cantas veces o Sr. alcalde aplicou a normativa vixente convocando audiencia pública dentro da súa obriga de cumprir a legalidade que marca o R.P.C. aprobado polo pleno municipal e apoiado polo PP de Cambre no 2011?

O Sr. alcalde contesta que, de momento, ningunha. Ningunha, porque primeiro están constituíndo os consellos sectoriais. Ben é verdade que habería que convocar á cidadanía que hai un cambio de normas, sobre todo no Concello de Cambre, pero están primeiro formando os consellos sectoriais para formar o Consello Xeral e poñer isto en marcha e que funcione como Deus manda, por iso non convocou ningunha audiencia pública, como di o Regulamento de participación cidadá.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta se pode contestarlle.

O Sr. alcalde dille que quen pregunta é el, non sabe se lle quedou contestada a pregunta, pero o que pregunta é el.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que lle queda a dúbida, porque o Sr. alcalde segue incumprindo o regulamento.

O Sr. alcalde manifesta que pásalle o mesmo que coa concelleira de UxC, así que pasan á seguinte pregunta.

2ª A actividade marisqueira na ría do Burgo, foi e segue sendo un tema de grande importancia na estrutura económica e social da comarca. Os lodos depositados nos seus leitos, danan gravemente o ecosistema e calidade das súas augas, afectando á biodiversidade mariña.

As forzas políticas que ocupan as diferentes administracións recoñecen a gravidade do problema, pero non ofrecen solucións para corríxilo, trátase en definitiva dunha cuestión que afecta á zona cun triplo impacto negativo, medioambiental, económico e sanitario, sendo un dos principais problemas a acumulación de lodos que invaden as poucas zonas produtivas.

Sendo imposible negar o considerable grao de deterioración deste espazo natural e fonte de recursos, dende o noso grupo municipal xa temos presentado múltiples iniciativas co fin de dar solución ao problema que presenta a degradada ría, tamén foron moitas as promesas realizadas polos responsables públicos (sobre todo en época electoral), pero o certo é que resulta incomprendible a situación actual de abandono.

Ante o borrador de orzamentos do Estado para o ano 2015, onde non figura nin unha soa partida nin programa para investimentos na ría do Burgo, o grupo municipal de EU fai a seguinte pregunta:

Ten previsto o Goberno de Cambre algún tipo de medida para que se habilite nos orzamentos xerais do Estado unha partida orzamentaria para o proxecto de rexeneración da ría do Burgo?

O Sr. alcalde contesta que medidas, o Goberno de Cambre ten as que pode aplicar. El pódelle asegurar que cada vez que se reúne co conselleiro de Medio Ambiente, repítello, e agora, coa conselleira de Medio Ambiente. Hai pouco estiveron no Paraugas, viron a situación, tanto a delegada da Xunta como a conselleira, e el insistiulles nese tema.

Outra medida que poden tomar é mandar escritos ao Goberno central, pero el cre que a mellor canle para facelo é a través da Xunta de Galicia, que son os que están comprometidos en facer orzamentos e facer presión ao Goberno central para que poña algunha partida para empezar co saneamento da ría do Burgo. Conclúe dicindo que iso é o que fai.

3ª A primeiros de outubro vimos de coñecer que o Tribunal Supremo condenou ao Concello da Coruña a aboar a Abegondo un importe de 120.000 euros polo IBI do embalse de Cecebre máis as costas do proceso xudicial.

EU, en moitas ocasións expuxo esta situación no relativo a Cambre ante este Goberno municipal, e xa en lexislaturas anteriores.

Tendo en conta as declaracións do alcalde de Cambre hai 10 meses nas que informaba que confiaba en comezar a cobrar os abonos en breve.

Pregamos se nos informe en que momento se atopan as xestións realizadas co Concello da Coruña, se percibiron xa aboamentos, así como que cantidade total é a que ten que aboar o Concello da Coruña a Cambre e en que prazo.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, responde que efectivamente as xestións foron realizadas. Agora mesmo o momento no que se atopan é o de pago inminente de todas as cantidades que o Concello da Coruña adebeda ao de Cambre. Vai ser un pago voluntario, non vai ser por vía de constrinximento, e as cantidades que ata agora se cobraron foron a partir do ano 2012 ata a actualidade. As que quedan pendentes son o que xa lle comentou, foi a través dun acordo ao que se ten chegado co Concello da Coruña, para que lles ingresen nun prazo moi breve as cantidades adebedadas.

A pregunta de dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, a concelleira de Economía explica que a cantidade total non lla pode desagregar, porque depende dos intereses e demais conceptos que poidan aplicarse. A cobrada polos anos 2012, 2013 e 2014 son ao redor de 3.000 euros por cada ano, uns 12.000 euros.

E ante unha nova pregunta da concelleira de EU, explica que non teñen un prazo taxado para cobrar o resto da débeda, pero si que hai poucos días se ten chegado a un acordo coa Corporación do Concello da Coruña para que lles fagan o pago de forma voluntaria, sen ter que ir á vía de constrinximento.

Intervén dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, para preguntarlle ao Sr. alcalde que pasa aquí, xa que na súa quenda a ela non se lle permitiu engadir ningunha pregunta.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/8963 o día 27 de outubro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1<sup>a</sup> Cando ten pensado o Goberno municipal acometer unhas obras de mínima adecuación do palco de Meixigo?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que a resposta sinxela sería que a súa intención é incluír unha partida no vindeiro orzamento. A resposta un pouco máis ampla, para coñecemento do resto do persoal, é que están nun proceso de regularización deses terreos, que son tres, onde estaba o antigo campo de fútbol, o terreo onde a asociación de veciños empezou a construír un local social, e onde están a pista polideportiva e o palco, porque na actualidade esas tres parcelas non figuran no inventario, xa que nunca se aprobou un inventario de bens, pero tampouco aparecen no Rexistro da Propiedade a nome do Concello de Cambre.

Están intentando regularizar a situación. Saben que está facendo xestións, ten bastante avanzada a documentación, e súa intención é regularizar o tema no vindeiro pleno de novembro. De feito, a présa para facelo no mes de novembro é para poder incluír unha partida no orzamento, co fin de actuar no palco da música, que segundo a asociación e os propios veciños é o que máis présa lles corre, porque alí fíxose unha obra un pouco mal feita.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo lle recoñecen ao Sr. Felipe Andreu o labor desenvolvido nese ámbito, son perfectamente conscientes.

O Sr. alcalde intervén para dicirlle que non lle faga outra vez entrar en discusión, que fixo unha pregunta e contestoulle o concelleiro. Pídelle que faga a segunda.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que contestoulle daquela maneira, e que simplemente quere incidir nunha cuestión, de mínima adecuación. El o que pide é

simplemente que, na medida do posible, hai algo que o concello pode facer por medios propios, simplemente para evitar que choiva, que é poñer algo de material. Simplemente pide que o visiten os técnicos, máis nada.

O Sr. alcalde dille que de acordo, pero que iso xa é un rogo.

Don Daniel Carballada Rodríguez dille que por favor, que de verdade aquí hai dúas, tres ou catro varas de medir. O Sr. alcalde tamén é autor da frase “os rogos non se debaten”.

O Sr. alcalde di que xa están ao final do pleno, que levan aquí varias horas. A oposición marca as regras, marcaron as regras no Regulamento orgánico municipal. Pregunta-resposta, pregunta-resposta. Se non lles convence, entón para o vindeiro pleno volve traer a pregunta máis ampliada. Pídelle que non lle faga quedar mal, porque á Sra. concelleira de UxC cortoulle a palabra antes e loxicamente chamoulle a atención, moi ben chamada.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, aclara que non foi polos seus compañeiros, que foi pola actitude do Sr. alcalde. Que conste que os seus compañeiros falen o que queiran.

O Sr. alcalde manifesta que está claro, que pasen á seguinte pregunta.

2ª Que actividades vai desenvolver o concello para conmemorar o Día internacional contra a violencia de xénero?

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que as actuacións en materia de prevención contra a violencia de xénero son as que están recollidas no I Plan de Igualdade do Concello de Cambre. Por sexto ano consecutivo o Concello de Cambre organiza unha campaña de prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero. Para a campaña de sensibilización fanse uns talleres baseados nas novas tecnoloxías, dirixidos aos alumnos de 2º de ESO nos institutos. Tamén se están facendo obradoiros sobre novas maneiras de comunicación, a través dos wassap. Nos centros escolares, para os nenos de 6º estanse facendo charlas educativas nos centros de primaria, que van estar impartidas por unha unidade especializada da Garda Civil.

Despois, a dinamización da campaña queren facela a través do comercio local, para que sexa un pouco máis aberta a todo o público en xeral. Poñerose un posto informativo, como fixeron o ano pasado, de dinamización no Campo da Feira, o día 16.

Como peche de fin de campaña de todos os actos e actividades da campaña do día 25 de novembro contarán coa participación dos alumnos dos centros educativos, as familias e profesorado. Estará presente tamén, presentando toda a programación, Xosé Antonio Touriñán. Vai ser un acto nun sentido lúdico, pero sempre con respecto á problemática tratada. Coa súa actuación buscan atraer aos veciños e veciñas de Cambre cunha mirada de ilusión fronte ás situacións dolorosas que están sufrindo moitas mulleres. Será o día 26 ás 20:00 h e durará dúas horas, aproximadamente. Nese acto farase entrega dos premios aos mellores xogos que van facer os nenos do

instituto, polo tema da igualdade, e proxectarase tamén un vídeo de en rede contra a violencia.

Conclúe convocándoos a todos para que asistan ao acto do día 26, como sempre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia